



Sustentabilidade Territorial

Plan de Seguimento das DOT

**MEMORIA AO
PARLAMENTO**

2018

XUNTA DE GALICIA

Presentación.....	5
Resumo	7
1. Desenvolvemento das DOT e da sustentabilidade territorial.....	10
<i>Criterios</i> que constitúen as liñas estratéxicas da política territorial de Galicia:	14
Liña estratéxica A: Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa.....	14
Liña estratéxica B: Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio	22
Liña estratéxica C: Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio	24
Liña estratéxica D: Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial	26
Liña estratéxica E: Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural	31
Liña estratéxica F: Protexer o patrimonio natural e cultural	36
Liña estratéxica G: Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental	38
Liña estratéxica H: Afianzar o protagonismo exterior de Galicia	43
2. Conclusión	43
Táboa de ilustracións	47
Anexo (CD): Informe 2018	

Data da Memoria: decembro 2018

Presentación

A Memoria 2018 elaborada para dar conta ao Parlamento de Galicia sobre os efectos da aprobación das Directrices de ordenación do territorio corresponde á quinta edición do sistema de seguimento das DOT, publicado por primeira vez en 2014 e actualizado anualmente. O Plan de seguimento das DOT e da sustentabilidade territorial (PSST) ten como obxectivo realizar a avaliación continua dos instrumentos de ordenación territorial e de urbanismo que desenvolven as Directrices de ordenación do territorio.

O Plan de seguimento (PSST), como consecuencia da aprobación do *Decreto 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial* prevé un informe anual no que se analizan os resultados das ferramentas definidas para coñecer a evolución das variables de sustentabilidade.

Estes informes reflicten o traballo da Comisión de seguimento das DOT, órgano de coordinación técnica dos departamentos, organismos e entes da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, responsable de desenvolver e adaptar as distintas ferramentas deste sistema de seguimento.

A presente memoria elabórase a partir do traballo desenvolvido pola Comisión de Seguimento, a través dos Grupos Técnicos de Traballo (GTT), integrados por representantes de distintos departamentos da Xunta de Galicia.

Ata agora 17 grupos técnicos de traballo (GTT) definiron 70 indicadores (7 IDI e 63 IST) nestes 5 anos. No informe 2108 avalíanse un total de 43 indicadores, dos cales 42 son actualización e un incorporouse ao subbloque de Agricultura e gandería. O indicador incorporado denomínase Estrutura territorial agraria e analiza a distribución das coberturas nas zonas de concentración parcelaria, así como a evolución da superficie agraria útil nestes ámbitos.

A Memoria recolle os resultados dos indicadores estruturados nas oito liñas estratéxicas que as Directrices de ordenación do territorio de Galicia salientan para acadar un territorio sustentable e unha sociedade cohesionada no marco da Estratexia Europa 2020, unha estratexia que é a axenda do crecemento e emprego da Unión Europea, un crecemento intelixente, innovador e sustentable.

Esta Memoria de 2018 inclúe o informe 2018 completo con anexos en formato dixital. Ambos contan con versións preparadas para a descarga desde internet¹.

¹ http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0101001001
<http://cmaot.xunta.gal/seccion-organizacion>; <http://cmaot.xunta.gal/indicadores>

Resumo

A Memoria 2018 sobre os efectos das Directrices de ordenación do territorio de Galicia (DOT) correspóndese coa quinta edición do sistema de seguimento das DOT.

Esta memoria reflicte a situación e evolución dos indicadores definidos para avaliar os efectos das DOT sobre as variables ambientais e socioeconómicas. A análise abórdase a partir das oito liñas de acción que as DOT propoñen como estratéxicas para Galicia.

Anualmente actualízanse unha parte significativa dos indicadores definidos en función da periodicidade da fonte, do seu potencial para indicar resultados significativos, de cara a poder avaliar a súa tendencia. Este ano avaliáronse un total de 43 indicadores.

Os Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI) cuantifican os distintos instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos que se teñen desenvolvido cumprindo así as obrigas fixadas polas DOT. Neste senso, no período 2011-2018 aprobáronse 43 Planes Xerais de Ordenación Municipal e outros 173 atópase en elaboración. Neste último ano aprobáronse 5 novos PXOM, tres na provincia da Coruña, un en Lugo e outro en Ourense, o que supón acadar un 13,69% dos concellos adaptados ás DOT. Se engadimos os 173 que están en elaboración acádase o 68,79% dos concellos galegos adaptados ou en proceso de adaptación, que, en termos de poboación, supón un 63,74% e un 68,53% da superficie galega.

No ámbito do Plan de ordenación do litoral, a porcentaxe de superficie con plan adaptado ou en elaboración é do 74,60% o que supón o 69,50% da poboación residente neste ámbito.

No que se refire aos instrumentos de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia aprobou un plan territorial integrado, o Plan de ordenación do litoral, que abrangue máis de 215.000 hectáreas e ao 57% da poboación galega. Un segundo plan territorial integrado, o da bacía hidrográfica do río Eume, está a desenvolver o modelo territorial proposto polas DOT para unha cunca hidrográfica (determinación 10.1.2.c). Así mesmo, aprobáronse catro plans sectoriais de incidencia supramunicipal e outros catro atópanse en elaboración.

Para a avaliación do grao de cumprimento das liñas estratéxicas da política territorial establecidas nas DOT, analizouse o estado e a evolución dos Indicadores de sustentabilidade territorial (IST), así como as actuacións desenvolvidas polo Goberno de Galicia en cada unha das liñas.

Na liña estratéxica **A “Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e prever a urbanización difusa”**, o estudo do desenvolvemento dos plans urbanísticos permite aproximarse ao grao de axuste entre estes instrumentos urbanísticos e a demanda real de solo para a súa transformación nos distintos concellos galegos.

No informe deste ano esténdese o indicador **Dinámica urbanística** a toda Galicia, o que permite facer unha análise completa da intensidade coa que se produce a transformación urbanística do solo nos últimos anos. Con carácter xeral, pode afirmarse que os documentos de planeamento teñen establecido previsións de superficie de solo para ser obxecto de transformación urbanística, que se revelan como pouco axustadas á realidade. Por tipo, obsérvase que o solo urbanizable delimitado transformado resulta maioritario e acada case o 30% nas cidades fronte ao resto de concellos, nos solos non delimitados non se supera o 14%. Por usos e tendo en conta os niveis do sistema de asentamento, agás nas cidades, a superficie de solo urbanizable de uso industrial transformada é sempre superior á doutros usos e acada tamén maiores porcentaxes de transformación respecto da prevista inicialmente nos casos de solos de usos residenciais ou terciarios. Estas porcentaxes, considerando a incidencia da Lei 2/2016, acadan valores moi relevantes para o solo urbanizable non delimitado; como exemplo o case 90%, que acada nos do SUI e máis do 50% nos NET.

En todo caso, as DOT indican a necesidade de incluír a dinámica demográfica na estimación das necesidades de crecemento urbano. Na última década a poboación descendeu en 64.194 habitantes, o que representa un 2,3% nese período e supón que o 83,0% dos concellos perden poboación entre 2007 e 2017, mentres que no último ano a perden o 85%. A perda de poboación é máis acusada nas provincias de Ourense e Lugo. As provincias atlánticas perden poboación a un ritmo menor, particularmente Pontevedra; o na franxa que se dispón dende o sueste da área urbana de Vigo ata o val do Miño (comarcas do Baixo Miño e O Condado); na Coruña, especialmente na área de Santiago de Compostela e na periferia de rexión urbana da Coruña-Ferrol.

No que respecta á liña **B “Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio”**, cabe salientar o anteproxecto de **Lei de ordenación do territorio**, norma que virá actualizar a vixente lei que data do ano 1995.

No marco urbanístico, o **Plan básico autonómico**, aprobado no mes de xullo, abre paso aos plans básicos municipais de concellos con menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral. Este instrumento urbanístico vén a completar o marco urbanístico co que o goberno da Xunta para unha ordenación sustentable do territorio, co propósito de garantir un territorio ordenado.

Outra norma, a **Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia** foi ratificada polo Consello da Xunta como paso previo á fase final da tramitación. Esta norma ten o obxectivo principal de facilitar a rehabilitación aproveitando o patrimonio construído e respectando o carácter histórico. A axilización de trámites para a recuperación de centros históricos e núcleos rurais convértese nunha prioridade co fin de convertelos en lugares de dinamización e revitalización económica e social.

No marco da **Estratexia da paisaxe galega**, presentouse a proposta da **Rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental** que ten a función de conectar entre si os diferentes elementos de interese paisaxístico, cultural e natural e contén 4.479 km de percorridos, distribuídos entre as 56 etapas da Senda dos Faros, 109 itinerarios con valores naturais, 76 con valores patrimoniais e 25 rutas con valor panorámico.

Tamén dentro desta estratexia, no eido da divulgación, sensibilización e formación, ás seis guías de boas prácticas e de integración paisaxísticas xa publicadas, incorporaranse ao longo do 2019, a **Guía de estudos da paisaxe urbana**, xa na súa fase final, a **Guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas e a Guía de intervención en espazos públicos**. Así mesmo, asináronse diversas colaboracións entre as que cabe salientar o protocolo de colaboración asinado coa FE-GAMP para poñer en marcha os **Pactos pola Paisaxe**.

Dentro das políticas sectoriais que inciden na mellora da paisaxe, tanto urbana como rural, as **Áreas de Rehabilitación Integral** interveñen sobre conxuntos de edificacións con usos residenciais en situación de deterioro para mellorar a habitabilidade das vivendas co obxectivo mellorar a calidade de vida dos seus habitantes e ao tempo recuperar o patrimonio edificado. Entre 2015 e 2018 declaráronse 13 **Áreas de Rehabilitación Integral** (ARI) e sumárase en 2019 (febreiro) a ARI Parque Nacional Illas Atlánticas que comprende aos concellos de Bueu, Ribeira, Vigo e Vilagarcía. Son 130 os concellos que teñen unha ou varias ARI e se prevén 4.828 actuacións de rehabilitación nas ARI no período 2015-2019 ademais das que o IGVS leva a cabo directamente.

Na liña **C “Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio”** a Xunta de Galicia aprobou a finais de decembro o **Plan de Transporte Público de Galicia** co obxectivo principal de acadar unha accesibilidade territorial axeitada dende un sistema público de transporte colectivo que reduza sensiblemente a necesidade do vehículo propio, non só dende un enfoque dunha economía hipocarbónica, senón para un mellor prognóstico da distribución da poboación no territorio.

No eido das tecnoloxías de información e telecomunicación e no marco do **Plan de Banda larga 2020**, o indicador Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais amosa que, a mediados de 2017 (últimos datos dispoñibles) Galicia presenta unha cobertura global dun 62,9% da poboación, con cobertura de caudal de 30 ou máis Mbps, apreciándose unhas porcentaxes significativamente máis altas nas grandes cidades ao igual que no ámbito litoral (70,0%).

Na liña **D “Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial”**, os indicadores demográficos amosan unha tendencia continuada de perda de poboación, baixa natalidade, avellentamento da estrutura poboacional, altos índices de dependencia e forte polaridade urbana-rural. A isto únese a baixa densidade de poboación, que no rural atópase nun valor medio de 21,4 habitantes por km² fronte aos 91,6 hab/km² de Galicia, moi distante dos máis de 1.000 hab/km² de concellos que acollen as sete grandes cidades e algunhas vilas (A Coruña 6.331 hab/km²).

A distribución territorial do solo empresarial constitúe un factor de equilibrio territorial. Ao abeiro do **Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais**, entre os anos 2015 e 2018, o IGVS e a empresa pública de Xestión de Solo de Galicia teñen adxudicado 1.373.907 m², dos cales, 148.815 m² corresponden a dereitos de superficie.

Tamén cabe sinalar o **Plan estratéxico de impulso ao comercio de Galicia 2015-20** polo apoio a novas fórmulas de comercialización co obxecto de estimular a dixitalización e a expansión do sector comercial.

Os indicadores de turismo sinalan que a oferta de prazas de aloxamento marca unha liña ascendente que, en termos de intensidade da oferta, supoñen 5,3 prazas por km² de media, valor que oculta unha distribución espacial heteroxénea, tanto a nivel provincial como a nivel municipal. O termalismo, coa futura **Lei de aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia** e o crecemento continuado de peregrinos nos camiños de Santiago sinalan dous puntos diferenciados do turismo galego.

Na liña **E “Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural”**, sinálase ao **Programa de desenvolvemento rural** como unha das ferramentas básicas para propiciar a dinamización do rural mediante accións destinadas a mellora da viabilidade das explotacións e a competitividade dos distintos tipos de agricultura, á promoción da innovación tecnolóxica ou á xestión sustentable dos bosques. Outras das prioridades do Plan son a transformación e a comercialización de produtos agrícolas (acceso de máis de 300 explotacións a algún réxime de calidade), a xestión de riscos na agricultura, a mellora e conservación dos ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura (112 proxectos rematados), ou a prevención de danos causados polos incendios, desastres naturais ou catástrofes.

Por outra banda, os indicadores relacionados co sector primario amosan un crecemento claro da **Agricultura ecolóxica**, que ven mantendo un incremento constante da superficie rexistrada e do número de operadores (103,66 % e 40,24 % respectivamente entre 2013 e 2017). O indicador **Especialización gandeira** indica que o número de Unidades Gandeiras de gando vacún diminuíu neste período ao igual que o equino e o aviar e ao contrario que o porcino, ovino-caprino e cunícola.

A evolución da **Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal** debuxa unha liña de crecemento continuado, acadando en 2017 o 10,37% respecto da superficie forestal arborada, desarborada e de pasteiro e supón un incremento do 9% con respecto a 2016 e do 54% respecto de 2011, data de aprobación das DOT e do primeiro informe do PSST.

Na liña **F “Protexer o patrimonio natural e cultural”**, a **Lei de Patrimonio natural de Galicia**, que se atopa na fase de tramitación parlamentaria, ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia para garantir a conservación, o uso sostible, a mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade. Incluída nesta lei, atópase a **Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia**, que se está definindo a nivel da Comunidade Autónoma e facilitará o reforzamento da estrutura e da conectividade ecolóxica de Galicia, vital para a conservación das especies, así como a salvagarda dos servizos ecosistémicos que a natureza proporciona á sociedade.

A identificación e rexistro de BIC mantén unha evolución positiva no eido da protección do patrimonio cultural; os datos de 2017 sinalan que en Galicia están identificados 771 bens inmoables con número de rexistro individual, 118 máis que en 2012 o que representa un incremento do 18%.

No ano 2018 a Consellería de Cultura e Turismo iniciou o deseño dun plan que ten por obxectivo a restauración, rehabilitación e posta en valor dos Bens de Interese Cultural máis significativos relacionados co marco territorial dos Camiños a Santiago de Compostela. Este plan comprendería uns 40 bens de interese cultural e un investimento que se aproxima aos 100 millóns de euros. A xunta de Galicia xa ten iniciado as conversas coa Administración Central para acadar o apoio económico imprescindible para levar adiante este ambicioso proxecto de cara ao próximo Ano Santo 2021.

Na liña **G “Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental”** analízase en que medida se está a producir unha transición cara a un maior emprego de enerxías limpas, con menos emisións contaminantes, así como o grao de eficiencia na produción e creación de riqueza.

No que se refire ao ciclo da auga, o indicador **Calidade da auga nas zonas de baño** reflicte unha constante mellora; analizado dende o 2011, sinala a mellora das augas de baño coa cualificación “Excelente” que representan o 81% e a diminución daquelas coa clasificación “Insuficiente” que supoñen un 2%.

Os indicadores de residuos, no período 2011–2017, marcan unha evolución positiva global. Entre 2011 e 2017 reduciuse a xeración de residuos global en máis de 32.408 toneladas (2,82%) mentres que nos últimos anos rexistráronse incrementos, inferior ao 2% en 2016 e do 0,6% en 2017. Dende a aprobación das DOT, entre 2011 e 2017, incrementouse nun 20,% a poboación con servizo de punto limpo, o que representa máis do 88% do total.

Por outra banda, en Galicia, as **emisións brutas de gases efecto invernadoiro (GEI)**, estimadas para o ano 2016 sitúanse ao redor das 27.935 kilotoneladas de CO₂-eq o que supón unha diminución dun 4% respecto do ano 2015.

Finalmente, na liña **H “Afianzar o protagonismo exterior de Galicia”**, se están desenvolvendo dous proxectos sectoriais dos sistemas aeroportuarios de Santiago e Vigo, potenciando así a entrada do turismo nacional e internacional.

1. Desenvolvemento das DOT e da sustentabilidade territorial

Cara a un territorio sustentable

Enmarcado nas liñas estratéxicas que propoñen as DOT para Galicia, faise un percorrido que abrangue, por unha banda, o grao de desenvolvemento dos instrumentos de planificación a través dos indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI), e por outra, o maior ou menor grao de eficacia das políticas levadas a cabo pola Administración cara a un territorio máis sustentable.

Para isto, ademais dos resultados obxectivos acadados polos distintos plans ou programas despregados no territorio, en liña coas estratexias definidas nas DOT, os indicadores de sustentabilidade territorial (IST) permiten medir, unhas veces, os avances realizados para acadar determinados obxectivos, outras, as presións exercidas sobre o ambiente polas actividades humanas e outras veces, reflicten as actividades realizadas para mitigar os problemas detectados.

En particular, os indicadores ambientais pretenden dar resposta a cuestións como Qué está a afectar ao ambiente e qué se está facendo acerca destas situacións?. Uns miden o esforzo que se está levando a cabo, outros miden a eficiencia destes esforzos e outros dan información das condicións do ambiente.

A avaliación a través de indicadores facilita a lectura, en termos de tendencia e, de aspectos clave para a sustentabilidade, e reduce a incerteza sobre o que se coñece dos sistemas, aínda que non a elimina.

Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)

Actualízanse os indicadores referidos aos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, que avalían o grao de desenvolvemento das DOT a través deses instrumentos ao incorporar estes os criterios de sustentabilidade.

No que se refire aos instrumentos de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia aprobou un plan territorial integrado, o Plan de ordenación do litoral, que abrangue máis de 215.000 hectáreas e ao 57% da poboación galega. Un segundo plan territorial integrado, o da bacía hidrográfica do río Eume, está a desenvolver o modelo territorial proposto polas DOT para unha cunca hidrográfica (determinación 10.1.2.c). Así mesmo, aprobáronse catro plans sectoriais de incidencia supramunicipal e outros catro atópanse en elaboración. Estes plans teñen diferentes ámbitos territoriais en función da súa natureza ou sector ao que responden. Os Plans sectoriais da rede viaria atenden a distintas provincias, o Plan de acuicultura litoral esténdese no ámbito litoral, mentres que o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais abrangue a totalidade da Comunidade Autónoma.

Na táboa 1 recóllese o estado de desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio, que non varía con respecto ao informe anterior, e na táboa 2 o dos instrumentos de planificación urbanística.

Táboa 1. Indicadores IDI do bloque Ordenación do territorio

Indicador	Nome	Estado	Superficie	Poboación*
Plans territoriais integrados	Plan de ordenación do Litoral (POL)	Aprobado	2.153,62 km ²	1.556.131
	PTI da bacía hidrográfica do río Eume	En trámite	470,06 km ²	55.395
Plans sectoriais	PS. de ordenación territorial do campus científico-tecnolóxico "Cidade do Mar"	Aprobado	109,06 km ²	-
	PS de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL	Aprobado	200.000 m ²	2.708.339
	Plan director de acuicultura do litoral	En trámite	-	-
	PS da rede viaria de Lugo e a súa área de influencia	En trámite	464 km ²	-
	PS da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia	Aprobado	432.03 km ²	-
	PS de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia	Aprobado	5.218,46 ha	-
Programa coordinado de actuación	Plan forestal de Galicia	En trámite	-	-

• Decembro 2017. Concellos completos

O número de Plans Xerais de Ordenación Municipal avalúa, no terceiro nivel da planificación en fervenza, o grao de desenvolvemento e de implantación destes instrumentos de planeamento, aprobados e adaptados ao modelo territorial definido nas DOT ou en elaboración. No período 2011-2018 aprobáronse 43 Planes Xerais de Ordenación Municipal e outros 173 atópanse en elaboración (Ilustración 1).

Os PXOM son instrumentos urbanísticos de ordenación integral nos que se contemplan as operacións de transformación urbanística do solo, segundo as determinacións, de carácter xeral, establecidas pola planificación de rango superior. Neles establécese un réxime xurídico do solo e unha estrutura xeral da ordenación urbanística que fai compatible un desenvolvemento socioeconómico coa defensa e preservación dos ecosistemas.

Táboa 1. Indicadores IDI do Bloque Planificación urbanística

Código	Indicador	Medidas
PA1	Número de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	Núm. PXOM aprobado
		Núm. PXOM en tramitación
PA2	Porcentaxe de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	% aprobados
		% en tramitación
PA3	Porcentaxe de superficie con PXOM adaptado ás DOT aprobado ou en elaboración	% superficie con PXOM aprobado
		% superficie con PXOM en tramitación
PB1	Desenvolvemento urbanístico	Núm. concellos

Neste último ano aprobáronse 5 novos PXOM, tres na provincia da Coruña, un en Lugo e outro en Ourense, o que supón acadar un 13,69% dos concellos adaptados ás DOT, un 10,84% máis que no 2013. Se engadimos os 173 que están en elaboración acádase o 68,79% dos concellos galegos adaptados ou en proceso de adaptación, o que en termos de poboación supón un 63,74% e, en termos de superficie, un 68,53% da superficie galega.

No ámbito do Plan de ordenación do litoral, a porcentaxe de superficie con plan adaptado ou en elaboración é do 74,60% o que supón o 69,50% da poboación residente neste ámbito.

Os seguintes gráficos e mapas reflicten o estado e a evolución do planeamento xeral en Galicia, desagregado por provincias, municipios e segundo o sistema de asentamentos proposto polas DOT (Ilustración 2 a Ilustración 5).




Ilustración 1. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2018




Ilustración 2. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT




Ilustración 3. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2018




Ilustración 4. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos das DOT





Ilustración 5. Estado do planeamento municipal en setembro de 2018

O indicador Desenvolvemento urbanístico é indicativo da intensidade dos procesos de xestión urbanística, a través dos distintos instrumentos que permiten a transformación do solo en urbano e constitúen o último nivel de concreción do modelo das DOT. Dende a aprobación das DOT aprobáronse, ou están en elaboración, 131 figuras de planeamento de desenvolvemento: 58 na provincia da Coruña, 7 en Lugo, 16 en Ourense e 33 en Pontevedra (Ilustración 6). Das sete áreas urbanas, cinco desenvolveron planeamento de desenvolvemento: Vigo (8 instrumentos), Pontevedra (7), Lugo (3), Santiago de Compostela (1) e Ferrol (3); atendendo o sistema urbano intermedio (SUI) dos 31 desenvolveron planeamento de desenvolvemento sete: Carballo, Boiro, Sarria, Vilalba, Verín, A Estrada e Lalín..




Ilustración 6. Número de instrumentos de desenvolvemento aprobados ou en elaboración no período 2011 – 2018

Estes plans abranguen 110 concellos (35,03%): 56 na Coruña, 9 en Lugo, 16 en Ourense e 29 en Pontevedra. Os concellos da Pobra do Caramiñal, Pontevedra e Vigo son os que aplicaron estes instrumentos en maior número: seis, sete e oito respectivamente.

Criterios que constitúen as liñas estratéxicas da política territorial de Galicia:

Liña estratéxica A: Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e prever a urbanización difusa

O modelo territorial de Galicia, segundo se define nas DOT desenvólvese a través da “planificación en fervenza” cos restantes instrumentos de ordenación do territorio e de urbanismo, onde os plans xerais municipais ocupan o último nivel xerárquico entre os de natureza estratéxica.

Os PXOM, como instrumento urbanístico de ordenación integral, que abrangue o termo municipal completo, desenvolven o modelo territorial definido nas DOT e, polo tanto, atenden ao marco xeral de referencia para a formulación do mesmo. Os plans xerais municipais son o instrumento de maior concreción de carácter estratéxico ao tempo que comparten natureza operativa.

Estes plans deben integrar, na escala municipal, os criterios plasmados nas DOT sobre aqueles elementos que configuran o territorio, a fin de garantir un desenvolvemento compatible coa defensa do medio natural, o crecemento sostible e equilibrado, compatible cunha sociedade cohesionada.

Ao PSST lle cómpre analizar en que medida os plans municipais desenvolven o modelo territorial das DOT e incorporan os seus criterios e determinacións.

Unha destas determinacións, vinculada ao carácter do solo como recurso escaso e non renovable é a 3.1.4, que establece a necesidade de, cando un plan preveña o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial, de fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación. Para tal efecto, deberá fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia.

Deste xeito, debe preservarse o solo, especialmente o de maior valor produtivo e ambiental como soporte de servizos ecosistémicos fundamentais.

Co indicador **Dinámica urbanística** preténdese aportar unha información que revele como se está a producir o consumo de solo e, en que medida este se axusta aos parámetros de contención, eficiencia e racionalidade establecidos no modelo territorial galego, no marco da política territorial da Unión Europea.

Para comprender e avaliar máis axustadamente os resultados obtidos, procede en primeiro lugar expoñer o significado de “transformación urbanística”. A efectos deste indicador, e interpretado dun xeito restrinxido, defínese como o fenómeno de desenvolvemento do solo clasificado como urbanizable (a través de planeamento de desenvolvemento) ou rústico (mediante un proxecto sectorial) a solo urbano consolidado. Nesta análise desbotouse intencionadamente o solo urbano non consolidado debido a que moitos plans aínda non o distinguen no ámbito do solo urbano e delimitalo excedía dos obxectivos do indicador.

No cadro da Ilustración 7 reflíctese o número de concellos analizados (atendendo ao Sistema de asentamentos das DOT) en cada medida e tamén o de non analizados por non estar aínda incorporada a información do plan no SIOTUGA, non contar con plan xeral ou normas subsidiarias, non contar con solo urbanizable ou ter o seu documento anulado ou suspendido.

Concellos de Galicia* Sistema de asentamentos (DOT)		Analizados		Non analizados						
		Medidas 1-2	Medidas 3-4	Ausentes SIOTUGA	Anulados	Suspendidos	Sen Planeamento	Sen urbanizable	Con DSU	Con POMR
AU	3	2	2			1				
AU-RU	4	3	2		1					
SUI-C	20	17	14		1	1		1		
SUI-sC	11	10	7			1				
NET	26	22	21				1	3		
Outros	251	182	161	1	6	2	30	6	18	6
Total	315	236	207	1	8	5	31	10	18	6

* Contabilízanse os concellos sen considerar as últimas fusións de Cesuras - Oza dos Ríos e Cerdedo - Cotobade

Ilustración 7. Número de concellos analizados no indicador Dinámica urbanística

Para analizar se esta transformación se ten producido, realízase a verificación da efectiva execución das obras de urbanización do ámbito a través da observación da última ortofoto dispoñible, con cobertura para toda Galicia; debido a esta cuestión de metodoloxía, a actualización deste indicador resultaba singularmente oportuna, non só pola necesidade de ampliar o ámbito de análise á todo o territorio galego, senón porque permite ademais a revisión das observacións a partir da nova Ortofoto dixital do voo PNOA 2017, que determina a nova data de referencia da análise: 1 de xaneiro de 2017.

Por outra parte, cabe sinalar que para a elaboración do indicador, dado o excepcional desta situación, exclúense aqueles concellos, que á data de referencia tiñan o seu planeamento anulado ou suspendido. En concreto, e por este motivo, nesta edición excluíronse: Abegondo, Ares, Sada, Rábade, Viveiro, Melón, Monterrei, Ourense, Verín, O Grove, Gondomar, Pontearreas e de xeito nomeado Vigo.

Por outra banda, no ano 2016, Galicia dotouse dun novo marco legal no eido urbanístico mediante a aprobación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento. Esta circunstancia incide directamente nos resultados do indicador.

Na nova Lei, o solo urbanizable non ten o carácter residual que tradicionalmente se lle viña atribuíndo. Neste sentido, defínese como o relativo aos terreos que o planeamento considere necesarios e axeitados para permitir o

crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística. O novo texto suprime a tradicional categorización do solo urbanizable en solo urbanizable delimitado ou inmediato e solo urbanizable non delimitado ou diferido. O lexislador non estima apropiado outorgar esta clasificación a uns terreos e non establecer prazos para a súa execución nin para a delimitación de sectores, así que se suprime a categoría de solo urbanizable non delimitado.

No caso de plans aprobados definitivamente con anterioridade á súa entrada en vigor e non adaptados á anterior Lei 9/2002, a D.T. 1ª da nova Lei establece: "... ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".

No desenvolvemento do indicador, e mediante a implementación das correspondentes medidas, analízase a incidencia deste cambio en termos cuantitativos (Ilustración 8).

Con carácter xeral, pode afirmarse que os documentos de planeamento teñen establecido previsións de superficie de solo para ser obxecto de transformación urbanística, que se revelan como pouco axustadas á realidade. Aínda que, pola magnitude do desaxuste, pode aventurarse que a causa principal desta anomalía sexa unha demanda moi inferior á prevista, tamén cabe pensar que a ausencia de recursos axeitados para levar adiante os sempre complexos procesos de desenvolvemento urbanístico puidera contribuír a agravar esta situación.




Ilustración 8. Diferenza de superficie de solo urbanizable inicial tras a aprobación da Lei 2/2016 respecto da considerada no marco da Lei 9/2002 (ha)

Atendendo ao uso definido para os distintos niveis do sistema de asentamentos, globalmente, só nas cidades a superficie de solo transformada non industrial é superior á industrial; nos outros tres niveis sucede o contrario, moi especialmente nos solos urbanizables non delimitados, onde as diferenzas son máis acusadas (Ilustración 9).




Ilustración 9. Superficie de solo urbanizable transformado por tipo e provincias (ha)

A segunda medida do indicador analiza a porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformada respecto da inicialmente considerada polo planeamento. Comparando os resultados anteriores e posteriores á entrada en vigor da Lei 2/2016, pode observarse como as porcentaxes de solo transformado incrementáanse notablemente e, incluso en non poucos concellos,

deixa de contabilizarse solo urbanizable como consecuencia do disposto na D.T. 1ª da Lei.

Calculando a mediana dos valores de porcentaxe en cada grupo de asentamentos atendendo á caracterización establecida nas DOT, obsérvase (Ilustración 10) como, antes da modificación lexislativa, as cidades presentarían unha cifra por riba do 22% afastada do 4,4% dos NET que sería a segunda máis alta. En todo caso, porcentaxes todas moi baixas.




Ilustración 10. Valores das medianas de porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado no marco da Lei 9/2002

Estes valores varían substancialmente á alza aplicando ao disposto na nova lexislación; ademais, de xeito singular, o valor máis alto non é xa neste caso o correspondente ás cidades, senón aos NET




Ilustración 11. Valores das medianas de porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado segundo a nova Lei 2/2016

Os gráficos da Ilustración 12 mostran a comparativa entre as situacións previa e posterior á Lei 2/2016 en relación a como se distribúen as porcentaxes de solo urbanizable non delimitado transformado por niveis do Sistema de Asentamentos segundo sexa o seu uso. As variacións son significativas e pode observarse como, agás nas cidades, as porcentaxes de solo transformado industrial supera amplamente ás do resto de usos.





Ilustración 12. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable non delimitado transformado por usos no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016

Especialmente significativo é o dato de solo industrial transformado nos concellos do SUI tras a aprobación da Lei, que case acada o 90% do total.

No caso do solo delimitado (Ilustración 13), as porcentaxes por usos en cada nivel son moito máis parellas; resulta salientable a situación dos concellos do derradeiro nivel, xa que estes acadan porcentaxes non moi inferiores ás das cidades e claramente superiores ás dos concellos dos outros dous niveis. Con todo, todas elas seguen a ser escasas, non pasando ningunha do 35%.




Ilustración 13. Porcentaxes de superficie de solo urbanizable delimitado transformado por usos e niveis do Sistema de Asentamentos das DOT

Para finalizar esta análise de como se ten producido a transformación do solo urbanizable, atendendo a usos e á caracterización dos asentamentos, xúntase un novo gráfico coa comparativa das porcentaxes de solo urbanizable total transformado en cada nivel do Sistema antes e despois do cambio do texto legal. Como pode comprobarse, en todos os casos e situacións, as porcentaxes son sempre superiores para o solo destinado a usos industriais, aínda que moi parellas nas cidades (Ilustración 14).




Ilustración 14. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable total transformado por usos e niveis do Sistema de Asentamentos das DOT no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016




Ilustración 15. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial transformado no marco da Lei 9/2002

Estes mapas (Ilustracións 15 e 16) reflicten como se distribúen no territorio as porcentaxes de solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial transformado, calculado atendendo ao marco da anterior e da vixente lexislación. Pode observarse como na segunda hipótese se incrementan as porcentaxes e como numerosos concellos mesmo deixan de contabilizar solo urbanizable




Ilustración 16. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial transformado no marco da Lei 2/2016

Advírtese como na zona máis occidental da comunidade as porcentaxes tenden a ser máis altas e sobre todo a baixa dinámica de transformación nos concellos da zona oriental e especialmente suroriental de Galicia, onde a transformación urbanística é practicamente nula.




Ilustración 17. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso industrial transformado no marco da Lei 9/2002

De xeito semellante ao caso precedente, os mapas das Ilustración 17 e Ilustración 18 reflicten esta vez como se distribúen no territorio as porcentaxes de solo urbanizable de uso industrial transformado calculado atendendo ao marco da anterior e da vixente lexislación. Pode observarse como, tamén para este uso, na segunda hipótese se incrementan significativamente as porcentaxes e como numerosos concellos deixan de contabilizar solo urbanizable.




Ilustración 18. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso industrial transformado no marco da Lei 2/2016

Para este uso, a distribución de porcentaxes non ten unha tendencia tan definida en canto á concentración dos maiores valores, aínda que se mantén a baixa dinámica de transformación nos concellos da zona suoriental de Galicia, onde é practicamente nula, agás casos puntuais como o do Barco de Valdeorras, que acada unha transformación próxima ao 50% do total do seu solo urbanizable de uso industrial

En resumo, conclúese que a maior actividade de transformación urbanística ten lugar nos concellos do primeiro nivel do Sistema de asentamentos das DOT e na súa contorna. Porén, a aplicación da nova lexislación urbanística provoca un notable incremento do resultado de cálculo da porcentaxe de solo transformado nos NET, que en valores da mediana, pasa do 4,4% (contabilizando o urbanizable segundo o disposto na Lei 9/2002) ata o 92,4%; unha porcentaxe que supera amplamente incluso o das cidades (44%). Lémbrese a ausencia na análise de cidades como Vigo e Ourense.

Finalmente, outra das conclusións que se poden destacar é o diferente comportamento da actividade de transformación segundo o uso definido polo planeamento para o ámbito. Con carácter xeral, e atendendo novamente á caracterización do Sistema de asentamentos, agás nas cidades, onde sucede o contrario, a superficie de solo urbanizable de uso industrial transformada é sempre superior á doutros usos e acada tamén maiores porcentaxes de transformación respecto da prevista inicialmente nos casos de solos de usos residenciais ou terciarios. Estas porcentaxes, e cando consideramos novamente á incidencia da entrada en vigor da Lei 2/2016, acadan valores moi relevantes para o solo urbanizable non delimitado deste uso; por exemplo, nos concellos do SUI case o 90% deste solo atópase xa transformado e nos NET supera o 50%.

Por outra parte, a maior actividade de transformación urbanística ten lugar nos concellos do primeiro nivel do Sistema de asentamentos das DOT e na súa contorna. Porén, a aplicación da DT 1ª da nova Lei 2/2016 provoca un notable incremento da porcentaxe de solo transformado nos NET. En concreto a mediana dos valores obtidos para este nivel de asentamentos pasa do 4,4% (contabilizando o urbanizable segundo o disposto na Lei 9/2002) ata o 92,4%; unha porcentaxe que supera amplamente incluso o das cidades (44%).

Aos efectos de estimar a necesidade de novas superficie residencial, se debe ter en conta a dinámica demográfica, así como o parque construído de vivendas baleiras e a demanda de vivenda protexida. A xeoreferenciación desta demanda permite actuar ás administracións públicas onde é máis necesario gañando eficiencia nas inversións públicas ao axustarse ás necesidades reais.

Diferenciar a demanda, segundo sexa o réxime de vivendas de protección oficial de promoción pública ou de promoción autonómica, contribúe á eficiencia das políticas de vivenda. En xuño de 2018, o número de demandantes global ascendía a 10.437, dos cales algo máis do 86% correspondía a vivenda de promoción pública. Destes, cabe subliñar a diminución en VPP

(-1,53%) e o aumento en VPA (8,89%). Coñecer de xeito diferencial a demanda en núcleos rurais e históricos, que supón o 6,36% da total, permitirá contribuír á revitalización das zonas rurais e das zonas históricas de vilas e cidades. A demanda de vivenda, nestes ámbitos rurais e históricos, favorece a rehabilitación do patrimonio construído sobre a construción de vivenda nova, propiciando a conservación de valores paisaxísticos e culturais.

O **Rexistro único de demandantes de vivenda protexida** do IGVS pode ser unha ferramenta útil para dimensionar, nun aspecto substancial, as necesidades de crecemento dun concello. O **indicador Demandantes de vivenda protexida** sinala que son as áreas urbanas, as cabeceiras e as subcabeceiras as que precisan dunha maior dotación de vivenda suxeita a un réxime de protección.

O dimensionamento da necesidade de vivenda pública actualízase anualmente coa publicación das porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida en cada concello de máis de 5.000 habitantes como consecuencia do regulado na Lei do solo de Galicia (art. 42) no ano 2016 e no seu regulamento (art. 77). En 2014 —data da resolución pola que se fixan as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida en 2014— eran 15.523 unidades familiares inscritas no rexistro como demandantes dunha vivenda protexida, das cales o 78% eran de promoción pública (Ilustración 19).




Ilustración 19. Demandantes de vivenda protexida

Liña estratéxica B: Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio

No desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, ao **Catálogo das paisaxes de Galicia**, aprobado en 2016 e ás **Directrices de paisaxe** súmaselle a creación do **Consello Asesor da Paisaxe de Galicia**, un órgano colexiado, de carácter técnico e de asesoramento en materia de paisaxe que colaborará co Instituto de Estudos do Territorio en garantía do cumprimento da Lei; achegará o asesoramento dos expertos nos diferentes eidos da paisaxe e así mesmo contará con representación daqueles sectores da sociedade que reflicten a percepción da paisaxe existente na poboación.

Recollidos na Lei da paisaxe galega, os **Plans de acción de paisaxe** culminan as distintas ferramentas normativas despois do Catálogo e das Directrices. A Xunta de Galicia está levando a cabo dous Plans de acción da paisaxe no marco do proxecto BIOGOV no marco de Interreg Europe para a mellora dos instrumentos que a Unión Europea financia co obxectivo de aumentar a eficiencia das accións en materia de preservación da biodiversidade asociada á conectividade ecolóxica e ao bo estado dos ecosistemas e hábitats prioritarios ou de interese.

No marco das DOT (determinación 7.3.5) e da Estratexia da paisaxe galega presentouse a proposta da **Rede de Itinerarios de interese paisaxístico e ambiental**. Esta ten a función de conectar entre si os diferentes elementos de interese paisaxístico, cultural e natural e recolle catro tipos de itinerarios: a Senda dos faros, os itinerarios paisaxísticos con valores naturais, aqueles outros con valores patrimoniais e finalmente os itinerarios con valores panorámicos. En total, a rede comprende 4.479 km de percorridos, distribuídos entre as 56 etapas da Senda dos Faros, 109 itinerarios con valores naturais, 76 con valores patrimoniais e 25 rutas con valor panorámico. Para facilitar esta información á cidadanía, habilitouse un visor cartográfico.

Tendo en conta o carácter transversal da paisaxe, a Xunta de Galicia ten publicadas ata hoxe un total de seis guías de boas prácticas e integración paisaxística referidas a distintos tipos de actuacións co obxectivo de facilitar a labor dos diversos procesos sectoriais vinculados á ordenación, protección e xestión territorial:

- Guía de Estudos de Impacto e Integración Paisaxística (2012)

- Guía de criterios de sustentabilidade e integración paisaxística dos establecementos de acuicultura litoral (2013)
- Guía de boas prácticas para a intervención nos núcleos rurais (2013)
- Guía de boas prácticas de intervención en sistemas praia-duna (2014)
- Guía de caracterización e integración paisaxística dos valados (2017)
- Guía de Cor e Materiais de Galicia (2017)

A esta listaxe, seguiránlle a **Guía de estudos da paisaxe urbana**, xa na fase final e, no 2019, as **guías de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas**, en colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, coa Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Universidade de Vigo, e a **Guía de intervención en espazos públicos**, en colaboración coa Fundación Juana de Vega.

A elaboración e publicación de distintas guías de boas prácticas e integración paisaxística, ademais de propiciar un mellor acomodo das actuacións na paisaxe, mellora a formación e sensibilización neste tema, ao tempo que incrementa a divulgación e valoración da paisaxe.

Na mesma liña da protección, xestión e ordenación da paisaxe, a Consellería asinou outro tipo de colaboracións con diferentes entidades, co obxectivo de levar adiante estudos, investigacións e accións de divulgación en materia de paisaxe; tamén coa finalidade de implementar un modelo de xestión integral, neste caso na **Senda dos Faros**, coa Fundación Galicia Sustentable. Particular relevancia ten o protocolo asinado coa FEGAMP para pór en marcha os **Pactos pola paisaxe**; un deles materializarase co concello de Cerdedo-Cotobade, relacionado directamente con áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) como son os Meandros do Lérez e a Serra do Cando.

A sensibilización, formación e divulgación en materia de paisaxe é unha das accións vertebradoras desta estratexia. Neste eido, alíñanse programas como é o denominado **“Paisaxe e sustentabilidade”** con vocación divulgativa integrado no plan de innovación docente **Plan Proxecta** ou **“Somos paisaxe”**, e mesmo accións como a do **SIX Colaborativo de Imaxes da Paisaxe Galega**, aberto á participación da cidadanía e destinada a poñer en valor as paisaxes de Galicia e proporcionar un repositorio de información útil para a xestión da paisaxe. Ata agora rexistráronse ao redor de 650 achegas.

O valor da paisaxe supón a necesidade de establecer cautelas sobre a incidencia das actividades humanas para garantir a pervivencia dos valores paisaxísticos que a sociedade outorga aos territorios e que son recollidos no corpus normativo que aproba a Administración Pública; entre estes, a diversidade paisaxística (Ilustración 20) e a calidade paisaxística.




Ilustración 20. Variación do índice de diversidade paisaxística (agrícola e forestal) no período 2011-2014

En virtude das distintas normas que operan para evitar impactos negativos na paisaxe, no ano 2016 informáronse 764 expedientes, entre os que figuran 53 estudos de impacto e integración paisaxística; máis de 300 correspóndense a consultas preceptivas no ámbito litoral sobre usos compatibles; e algo máis de 310 se inscriben nos procedementos de avaliación de impacto ambiental de proxectos ou nos de avaliación ambiental estratéxica. Os 128 restantes atenden a distintas normas que prevén a consulta ao órgano en materia de paisaxe.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda leva a cabo dende o ano 2014 o **Plan Hurbe**, un programa de actuación dirixido a entidades locais que a Xunta impulsou en 2010 para dar resposta á necesidade de humanización das vilas de Galicia. A Xunta promove e colabora cos concellos co obxectivo de rehabilitar, recuperar e conservar os equipamentos urbanos municipais, mellorar a seguridade e accesibilidade das rúas, así como a conservación e recuperación de espazos públicos que precisen unha rexeneración ambiental ou incrementar a oferta de espazos de convivencia.

Ao abeiro do Plan Hurbe, está previsto no vindeiro ano 2019 dar continuidade ás actuacións levadas a cabo no período 2014-2017 cunha partida de 2,5 millóns de euros, dirixida a municipios de menos de 50.000 habitantes co fin de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Como complemento ao dito Plan Hurbe, a Consellería publicou, en 2018, unha convocatoria de axuda aos concellos para actuacións destinadas á creación ou mellora de infraestruturas e equipamentos en 2018 e 2019. No ano 2019, estas axudas contan cunha cuantía de 1,5 millóns de euros, para que os concellos acometan as obras de mellora das contornas urbanas e dos espazos públicos cos mesmos fins e obxectivos que o plan Hurbe.

O **Plan básico autonómico** aprobouse no mes de xullo completando o marco normativo urbanístico que encabezan a Lei do solo e o seu regulamento. Unha das funcións máis destacables deste plan é a de dar seguridade xurídica, transparencia e axilidade nas autorizacións de actividades que impliquen acción urbanística ao reflectir as delimitacións das afeccións derivadas da lexislación sectorial que inciden sobre o territorio, incluíndo a derivada dos instrumentos de ordenación do territorio, sinalando así ás áreas nas cales é preciso recadar informes sectoriais. Así mesmo, identifica a totalidade dos asentamentos de poboación existentes en Galicia e establece unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos solo e da edificación.

No mes de outubro, a Consellería de Medio Ambiente someteu a información pública o anteproxecto da **Lei de ordenación do territorio**, un texto que virá actualizar a normativa vixente nesta materia e que data xa do ano 1995.

A racionalidade territorial debe entender o solo como un ben limitado e esgotable, polo que os principios e criterios que orientan a ordenación do territorio deben ser o desenvolvemento territorial sustentable, a conservación e xestión dos recursos naturais e a cohesión social e económica.

A **Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia** foi ratificada polo Consello da Xunta como paso previo á fase final da tramitación. Esta norma ten o obxectivo principal de facilitar a rehabilitación aproveitando o patrimonio construído e respectando o carácter histórico. A axilización de trámites para a recuperación de centros históricos e núcleos rurais convértese nunha prioridade co fin de convertelos en lugares de dinamización e revitalización económica e social; ao tempo consérvase e protéxese a paisaxe e se reduce a presión urbanizadora sobre espazos non

urbanizados. Diferéncianse dous ámbitos de actuación: por unha banda a rehabilitación edificatoria e, por outra, a rexeneración urbana.

O anteproxecto da devandita lei define estas **Áreas Rexurbe** coma “aqueles ámbitos coa consideración de conxuntos históricos con declaración de ben de interese cultural (BIC) e nas que conflúan tres supostos: áreas degradadas arquitectonicamente, áreas con situacións demográficas delicadas —envellecemento poboacional, sobrepoboación— ou áreas na que existan problemas económicos ou sociais específicos”.

Asemade, leva aparelada un paquete de medidas para axilizar trámites e mellorar a coordinación administrativa, como é a declaración de áreas Rexurbe, en ámbitos especialmente degradados que precisen dunha rápida intervención. Estas áreas estarán dotadas con fondos específicos e contarase cun Centro Rexurbe, que coordine e tramite as actuacións de rehabilitación.

Ao longo de 2018 e 2019, un grupo de traballo coordinado polo IGVS será o encargado de desenvolver o modelo de **Plan de dinamización das áreas de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe)** que desenvolva e concrete os contidos mínimos esixidos para rehabilitar este tipo de espazos, zonas degradadas desde un punto de vista arquitectónico e social. Nese documento estableceranse os contidos mínimos que deberá incluír o plan das áreas Rexurbe que se declaren ao abeiro do que estableza a futura Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

Desta maneira, o plan de dinamización terá como obxecto coordinar as actuacións públicas e privadas destinadas á dinamización e rexeneración do ámbito de cada Área Rexurbe, impulsando a recuperación da actividade económica, fomentado a mellora da habitabilidade das vivendas e das condicións de vida das persoas residentes, procurando atraer novos habitantes e garantindo a conservación dos valores patrimoniais do conxunto e dos seus elementos singulares.

O fomento da rehabilitación segue a ser unha das liñas de actuación prioritarias do IGVS con repercusións tanto na posta en valor e conservación do patrimonio construído como na calidade de vida de quen habita nestes espazos ou mesmo na mellora da calidade da paisaxe e na eficiencia na utilización do solo. No ano 2019, sumarase unha nova **Área de Rehabilitación integral** (ARI), a ARI Parque Nacional das Illas Atlánticas que comprende catro concellos (Ribeira, Bueu, Vigo e Vilagarcía de Arousa), dos cales 2 xa teñen declaradas outras ARI no seu termo municipal. Son 130 os concellos que teñen unha ou varias áreas de rehabilitación integral. Prevense 4.828

actuacións de rehabilitación en 14 ARI no período 2015-2019 ademais das que leva a cabo o IGVS directamente. Outras actuacións de rehabilitación de edificios teñen como finalidade a posta en servizo de vivendas de promoción pública. En 2018 houbo seis licitación de obra para a rehabilitación de 10 edificios nos centros históricos de Betanzos, Ourense e Ferrol e 15 vivendas de promoción pública. A isto hai que engadir as 3.921 vivendas que contan con axudas concedidas para a rehabilitación baixo diferentes programas de rehabilitación ao longo de 2018.

No ámbito das actuacións propias en materia de rehabilitación, a finais de 2017, o Instituto Galego da Vivenda e Solo realizou unha oferta pública de adquisición, mediante compra, de inmobles situados nos núcleos históricos dos concellos de Betanzos, Ferrol, Lugo e Ourense, para a construción de edificios de vivendas ou para a súa rehabilitación. Dentro deste programa, durante o ano 2018, a Xunta de Galicia adquiriu inmobles en estado de abandono ou semiabandono nas zonas vellas destas cidades e vilas para proceder á súa rehabilitación: 4 inmobles en Ourense, 3 en Lugo, 6 en Betanzos e 13 en Ferrol.

Liña estratéxica C: Mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio

As DOT establecen a mobilidade como un dos elementos estratéxicos do modelo territorial e as infraestruturas como factor de cohesión social e compatibilidade dos territorios.

Acadar unha accesibilidade territorial axeitada dende sistemas públicos de transporte colectivo que reduza sensiblemente a necesidade do vehículo propio é un obxectivo prioritario, no só dende un enfoque dunha economía hipocarbónica, senón para un mellor pronóstico da distribución da poboación no territorio. A Xunta de Galicia aprobou o 29 de novembro deste ano o **Plan de transporte Público de Galicia** co obxectivo principal de desenvolver un modelo de transporte público sustentable, eficiente e adaptado ás necesidades actuais da poboación no territorio, contribuíndo nas estratexias de frear o despoboamento e fomentar o reequilibrio territorial e a cohesión social.

O diagnóstico no que se basean as propostas incide sobre os condicionantes das características territoriais, a evolución demográfica e socioeconómica, constatando que a poboación e a actividade económica aumentaron na

zona atlántica de Galicia, reforzándose principalmente nos asentamentos urbanos e metropolitanos das cidades deste eixo atlántico mentres que, de xeito paralelo, a actividade económica descendeu nas zoas rurais, reducíndose tamén a poboación da zona interior. Neste contexto, para acadar un equilibrio territorial, en termos de mobilidade eficaz e eficiente pasa por das resposta ao gran aumento da demanda de mobilidade recorrente ou diaria nas zonas urbanas e metropolitanas, ao tempo que debe responder tamén ás necesidades dos habitantes do interior.

O PTPG é concibido como o instrumento mediante o que se establecen é a ordenación do transporte público en Galicia por estrada. Polo tanto, non é un plan de infraestruturas, senón unha estratexia de reordenación das concesións de liñas de transporte público regular de viaxeiros por estrada.

As liñas estratéxicas do PTG son tres: facilitar a mobilidade, en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social, sustentabilidade económico financeira e ambiental; fomentar e potenciar o uso do transporte público racionalizando a oferta e a demanda, aproveitando o sistema de transporte escolar e modernizando o sistema de transporte; e, por último, facilitar a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade.

O Plan atende, para o seu deseño das distintas clases de liñas de transporte, ao sistema de asentamentos xerarquizado, segundo as funcións estruturantes ou supramunicipais que teñan os núcleos de poboación.

No que se refire ás infraestruturas viarias, rematáronse as obras da autovía do Corredor do Morrazo.

Por outra banda, a optimización dos espazos para a mobilidade no transporte de mercadorías entre os portos e as plataformas loxísticas, así como a mellora na integración dos espazos portuarios coas súas contornas urbanas e territoriais, é unha das accións recollidas nas DOT á que Portos de Galicia atende a través da **delimitación de espazos e usos portuarios (DEUP)**. No último exercicio son 45 os portos que contan esta delimitación e 12 as que están en proceso de elaboración.

Por outra banda, no que atinxe ás tecnoloxías da información e telecomunicacións, a mellora das redes dixitais é un reto constante no que a Administración autonómica está a desenvolver políticas para estender estas redes e incrementar as súas prestacións. O **Plan de Banda larga 2020** asume o obxectivo establecido na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30 Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga

de máis de 100 Mbps. Neste senso, a Xunta de Galicia inviste máis de 14,2 millóns de euros no rural para o despregamento de redes ultrarrápidas en núcleos de menos de 300 habitantes, de forma complementaria ás actuacións que ten en marcha o Estado para dotar de alta velocidade a núcleos de maior tamaño. Coas actuacións de ambas Administracións máis de 513.000 galegos de 309 concellos de toda Galicia, que carecen de acceso a redes ultrarrápidas, terán cobertura de 100 Mbps de velocidade no 2020. Estas actuacións permitirán acadar máis dun 80% de poboación con cobertura de 100Mbps, cifra que continuará a incrementarse coas novas convocatorias previstas para os próximos anos.

Neste aspecto, Galicia presenta a mediados de 2017 (últimos datos dispoñibles) unha cobertura global dun 62,90% da poboación, con cobertura de caudal de 30 ou máis Mbps, apreciándose unhas porcentaxes significativamente máis altas nas sete grandes cidades. Na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo supérase o 90%; algo menos en Ferrol, Santiago de Compostela e Pontevedra. No litoral rexístranse niveis superiores á media galega xa que só en 16 concellos que representan máis das tres cuartas partes da poboación, o 70% dispón de redes de ≥ 30 Mbps (Ilustración 21).




Ilustración 21. Poboación con cobertura de redes fixas ≥ 30 Mbps (%)

Liña estratéxica D: Frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial

No ano 2017 residían en Galicia 91,6 habitantes por km², o que supón 2,6 unidades menos ca en 2011, o ano en que se aprobaron as DOT. A variación da densidade de poboación reflicte en que medida incide a regresión demográfica no territorio, causando un problema estrutural.


Este valor medio dá unha idea imprecisa da distribución da poboación no territorio, moi heteroxénea, xa que existen amplas áreas de baixa densidade que corren o perigo de quedar desertas (como a que abrangue Vilariño de Conso-Chandrea de Queixa, onde residen aproximadamente 3 habitantes por km²) namentres se dan concentracións destacables nas rexións e áreas urbanas –sobre todo na cidade da Coruña–, así como nalgúns concellos pequenos onde o solo urbanizado cobre unha alta porcentaxe dos seus respectivos termos municipais, que é o que acontece en Burela, A Illa de Arousa ou Pontecesures, por citar os casos máis salientables.

Polo que respecta ao espazo rural –en concreto ao conxunto de parroquias que constitúen a ZPP (zona pouco poboada) baixa de acordo coa clasificación GU 2016–, os resultados do indicador desvelan novamente un descenso da densidade, ao pasaren dos 21,8 hab./km² en 2016 aos 21,4 en 2017. A tendencia decrecente sinalada polo indicador supón un desafío para o mantemento da calidade de vida da poboación rural, no que concirne aos equipamentos e servizos básicos (sanitarios, educativos, culturais, sociais, telecomunicacións, transporte etc.), cuxa provisión e accesibilidade poderían xustificarse –na xestión dos recursos dispoñibles e na planificación das inversións futuras–, en termos de rendibilidade social e medioambiental, a pesar de constituír, moitas veces, áreas de tan baixa densidade que se sitúan por debaixo do limiar de masa crítico necesario para soste os ditos servizos baseándose unicamente en criterios de aforro ou eficiencia (Ilustración 22).

O problema do despoboamento do medio rural e da Galicia interior non ten unha única solución e, aínda menos, a curto prazo. Só políticas públicas de dinamización rural e demográfica, sostidas no tempo poderán ter unha repercusión positiva na tendencia actual.

O informe do **Observatorio de Dinamización Demográfica**, na súa diagnose publicada recentemente “Galicia: perspectivas demográficas”, extrae unha serie de conclusións axustadas á realidade demográfica de Galicia co obxectivo de que sirvan para a posterior discusión e elaboración de liñas

estratéxicas que respondan aos retos da situación actual, contribuíndo así á mellora da gobernanza.



Variación da porcentaxe de poboación en ZPP baixa (2016-2017)




Ilustración 22. Variación da porcentaxe de poboación en ZPP 2016-2017

Unha das debilidades identificadas é a desagrarización do medio rural non compensada polo complexo agroindustrial e a débil estrutura de servizos (agravada polo elevado número de entidades de poboación) que eleva o éxodo rural por falta de expectativas (renda primaria per cápita do 71% da galega) e menos oportunidades para alcanzar un emprego ben remunerado e de perfil cualificado. Para esta situación, unha proposta para corrixir a escasa diversificación económica no medio rural é establecer modelos de negocio e desenvolvemento que fomenten a diversificación dos nichos de mercado laboral rural. Favorecer o desenvolvemento dun tecido agroindustrial, co impulso de actividades ligadas ao I+D+i e facilidades para a súa implantación. Impulsar e facilitar unha formación e profesionalización adecuadas ás necesidades dos novos sectores, incorporando mozas e mozos cualificados.

Por outra banda, unha oportunidade que se constata está ligada ao interese crecente en torno aos temas que abordan a relación entre a poboación e a sustentabilidade, así como á atención por parte das administracións públicas e das universidades polo tema da “economía circular”.

Unha forma de explotar esta oportunidade é situar no centro do debate político e cidadán a preocupación pola calidade de vida e o uso razoable dos recursos necesarios para o incremento desta. Potenciar o desenvolvemento de actividades, ecolóxicas e sustentables, que aproveiten os recursos culturais e patrimoniais. Dotar de máis peso as medidas destinadas aos pagamentos ambientais e por servizos ecosistémicos.

Aproveitar a trazabilidade dos produtos ecolóxicos de calidade, fomentando, priorizando e promocionando a agricultura ecolóxica, a economía circular de produción e o consumo de proximidade. Desenvolver actuacións específicas ligadas ao mantemento de actividades necesarias para a conservación de certos tipos de hábitats.

O mantemento, mellora e preservación da capacidade dos ecosistemas para prover de servizos ás sociedades resulta esencial para o desenvolvemento sustentable das mesmas, e de feito, a investigación relativa ós servizos de ecosistemas considérase na actualidade unha parte fundamental da aproximación científica á sustentabilidade. Por elo, o coñecemento do funcionamento dos ecosistemas e da súa capacidade de provisión de servizos, así coma dos riscos inherentes á súa degradación resulta de importancia fundamental.

Especificamente no nivel da nosa Comunidade Autónoma, a **Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia** cumpriría unha función de elevado interese

se para a toma de conciencia, dentro da sociedade galega, da importancia tanto do mantemento do bo estado dos ecosistemas e das súas funcións como da dependencia existente entre os mesmos e os elementos constituintes do benestar nas sociedades.

Na avaliación global dos servizos dos ecosistemas promovida polas Nacións Unidas e definida como Millenium Ecosystem Assessment (MA, 2005), estableceuse un énfase na relación entre ditos servizos dos ecosistemas e os elementos constituintes do benestar das sociedades. Ditos elementos constituintes inclúen a seguridade das persoas (dende o propio concepto de seguridade persoal, ata o aseguramento do acceso ós recursos ou a protección contra desastres naturais ou tecnolóxicos); os materiais básicos para unha vida plena (tales como a adecuación das áreas habitadas, o acceso a bens e servizos, a calidade alimentaria, etc.); a saúde (acceso a aire e auga limpas, fortaleza e estado físico e mental adecuados) ou as relacións sociais (cohesión social, respecto mutuo ou a capacidade de axudar a outras persoas).

O interese do concepto radica na visión dos elementos de infraestrutura verde como xeradores de feixes de servizos, que polo tanto contribuirían a elevar a multifuncionalidade das paisaxes urbanas e rurais (Rodríguez et al., 2006). A perspectiva de feixes de servizos contribúe á identificación de áreas onde os servizos de ecosistemas teñen un baixo nivel de provisión, ou ben zonas que subministran un alto nivel dos servizos demandados pola sociedade. Neste senso, o concepto de “feixe de servizos” pode estar directamente relacionado co valor asignado pola poboación a determinadas áreas territoriais, e polo tanto poden servir para guiar a priorización de un ou máis servizos sobre outros, internalizados a través de estratexias de xestión do territorio (Daily & Matson, 2008).

O desenvolvemento de modelos de negocio asociados á capacidade de produción de servizos por parte dos elementos de infraestrutura verde ten que ter en conta, en primeiro lugar, coa comprensión da capacidade de interacción que teñen os propios negocios, entendendo como tales calquera iniciativa de desenvolvemento de actividades económicas cos ecosistemas e polo tanto cos servizos que estes proporcionan.

Explotar de forma sustentable os recursos endóxenos sobre a base dunha planificación estratéxica a medio e longo prazo realizada a través dun amplo proceso de consulta, cunha clara aposta pola cultura do emprendemento rural, nun proceso acompañado de asesoramento que axude a explotar as potencialidades que ofrece cada territorio para facelo competitivo e capaz de atraer talento, con emprego de calidade, nun contexto de cooperación

entre institucións, comunidades rurais, empresa privada, centros de investigación, organismos europeos, etc.

A diversificación é fundamental para conseguir territorios cun desenvolvemento económico sustentable, xa que constitúe un síntoma de complementariedade entre ramas, robustez e resistencia ante as crises dos mercados. Amais, unha economía diversificada satisfai mellor as necesidades da poboación local, porque demanda man de obra máis plural ao tempo que oferta produtos e servizos máis variados. Á vista dos resultados do indicador **Diversidade económica** a estrutura produtiva está a mellorar, aínda que sexa paseniño e de xeito diferenciado naquelas zonas con mellores comunicacións viarias onde aumenta a diversidade.

A actividade empresarial precisa de espazo axeitado e suficiente para un desenvolvemento eficiente, cunha distribución territorial capaz de dotar a todos os niveis do sistema de asentamentos de actividade económica para unha calidade de vida análoga á das áreas urbanas do primeiro nivel. Dende a aprobación do **Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais**, entre os anos 2015 e 2018, o IGVS e a empresa pública de Xestión de Solo de Galicia teñen adxudicado 1.373.907 m², dos cales, 148.815 m² corresponden a dereitos de superficie.

De xeito complementario, o indicador **Actividade comercial** apunta unha clara estabilidade durante o período 2012-2016 a pesar do proceso de globalización dos mercados e os cambios nos hábitos de consumo (as grandes superficies comerciais, as vendas por Internet, televisión, teléfono ou mesmo por correo) que erixen en duros competidores para o comercio tradicional ou a retalho, o cal representa o 62% dos establecementos comerciais (Ilustración 23).

Ao abeiro do **Plan Estratéxico de Impulso ao Comercio de Galicia 2015-2020**, estase a financiar unha liña de proxectos que incorporan novas fórmulas de comercialización para estimular a dixitalización e expansión dun sector comercial que está vendo evolucionar as novas formas de compra venda cun crecente número de clientes do comercio electrónico. En particular, esta liña subvenciona proxectos piloto para a expansión de establecementos existentes noutros concellos para elevar a oferta comercial en ámbitos con menor ratio de comercios por habitante, a partir dunha idea innovadora.

No que atinxe á distribución da **Poboación ocupada segundo as distintas ramas de actividade**, os datos do indicador para 2017 manteñen a preeminencia no 67% dos concellos da rama que engloba o comercio, transporte e

hostalaría, a meirande parte na franxa oeste fronte ao leste na que a rama do sector primario e a de administracións públicas e servizos teñen máis peso (Ilustración 24).


O enfoque co cal abordar as cuestións relativas ao espazo rural non pode ter como referente único ao sector primario senón que para transformar as zonas rurais en competitivas, deberá existir unha planificación estratéxica a medio e longo prazo, baseada no emprendemento e na excelencia, capaz de tecer unha rede de apoio ás comunidades rurais para que sexan as protagonistas do emprendemento e motor dos proxectos empresariais innovadores conectados coas potencialidades e necesidades do territorio.

Un recurso diferenciado, en Galicia, é o termalismo. Galicia é o principal destino termal de España e o segundo de Europa. O número de mananciais existentes na comunidade supera os 300, o que a converte nunha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais, que xa explotaban os romanos. No ano 2018 iniciouse a tramitación da futura **Lei aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia**, que establecerá unha fronteira clara entre as augas termais destinadas a fins terapéuticos e preventivos (reguladas pola Lei 5/1995), que se realizará en exclusiva a través de establecementos balnearios, e as augas termais destinadas a fins lúdicos e que ofrecen efectos beneficiosos para a saúde que poderán ofrecerse en espazos e piscinas termais de uso lúdico.

Prevese que esta regulación suporá a xeración de investimento e emprego e, por tanto, contribuirá á promoción e ao desenvolvemento socioeconómico local e rexional. Debe terse en conta que a industria turística representa en Galicia o 10,4% do PIB e o 11% do total do emprego na Comunidade (datos do 2017) mellorando a súa aportación e peso en relación ao anterior 2016.

O turismo, particularmente o chamado de natureza, ten un amplo marxe de expansión nun territorio como Galicia, con valores naturais e paisaxísticos recoñecidos dentro e fóra.

Os datos do indicador **Intensidade turística** recollen un total de 158.007 prazas en aloxamentos turísticos regrados en Galicia: hoteis, pensións, albergues turísticos, turismo rural, campamentos de turismo, apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico. Este dato tradúcese en que en cada quilómetro cadrado da Comunidade ofértanse 5,3 prazas de aloxamento aínda que a distribución espacial é moi heteroxénea (Ilustración 25).




Número de establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes (2016), identificando os concellos con influencia supramunicipal (DOT)

Mediana do ámbito DOT = 17,33

Valor inferior á mediana
Valor superior á mediana

- Grandes Cidades
- Cabeceira SUI
- Subcabeceira SUI
- Nodos Equilibrio Territorial

Ilustración 23. Número de establecementos comerciais por cada 1.000 hab (2017)



Rama de actividade predominante por concello (2017)

- Comercio, transporte e hostalería
- Administracións Públicas, Educación, Sanidade e outros servizos
- Agricultura, ganadería, caza e serv relacionados
- Industrias extractivas e fabricación doutros produtos minerais non metálicos
- Pesca e acuicultura

Ilustración 24. Rama de actividade predominante por concello 2017


Os resultados, expresados en forma de **intensidade da oferta turística**, indican que se ofertan 5,3 prazas de aloxamento por km² pero este valor medio oculta unha distribución espacial heteroxénea, tanto a nivel provincial como municipal; no primeiro caso oscila entre as 14,8 prazas por km² de Pontevedra e as 1,5 de Ourense; no segundo, aínda son valores máis dispares; hai 18 concellos no medio rural sen ningunha praza turística, a maioría na provincia de Ourense, namentres que se disparan os valores nalgúns municipios do litoral ou das proximidades. Sanxenxo, O Grove, Mondariz Balneario, A Coruña, A Illa de Arousa e A Guarda superan, en todos os casos, as 100 prazas/km² e, nalgúns deles, cumpridamente.

As pernoctacións continúan aumentando ano tras ano ata acadar 10.064.711, que supoñen 340 pernoctacións/km² (242 das cales foron realizadas por turistas de fóra). A intensidade da demanda turística adquire valores máis elevados que a media galega en catro destinos costeiros (Ría de Arousa, A Coruña e As Mariñas, Ría de Vigo e Baixo Miño, Ría e Terras de Pontevedra) e en dous interiores (Terras de Santiago, Terras de Ourense e Allariz).

A demanda foránea está adquirindo cada vez máis peso (67% en 2011, 71% en 2016), acadando o 89% en Terras de Santiago. O incremento máis marcado detectouse en Ancares-Courel (21 puntos porcentuais).

No ámbito litoral, as prazas de aloxamentos turísticos regrados son 102.192. En comparación coa totalidade de Galicia, a oferta deste ámbito territorial representa o 64,7%.

Nos Camiños de Santiago consolídase, en 2018, a tendencia de crecemento do volume de peregrinos a Galicia —con datos das compostelas expedidas pola Oficina do Peregrino. Rexistráronse un total de 327.378 peregrinos, cifras que supoñen un máximo histórico na Comunidade. O bo comportamento está xeneralizado a nivel territorial —no senso de que crece o número de peregrinos en practicamente todas as rutas a Compostela— e a nivel temporal —con incrementos tanto en verán como no resto do ano.



Prazas turísticas totais (01.01.2018)

Número de prazas

Sen prazas	1 - 379	380 - 1.144	1.145 - 3.143	3.144 - 12.151	12.152 - 20.417
------------	---------	-------------	---------------	----------------	-----------------

— Camiño de Santiago

Ilustración 25. Intensidade turística

Liña estratéxica E: Potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural

Á Consellería de Medio Rural correspóndenlle as actuacións de potenciación do sector primario no medio rural, nun contexto que pon de manifesto a necesidade de actuacións en prol dun sector agroforestal eficiente e sustentable.

O **Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020** é unha das ferramentas básicas para propiciar a dinamización do rural en todas as súas facetas. Para atender as prioridades que establece a normativa comunitaria de desenvolvemento rural, o programa leva a cabo accións a través de diversas medidas.

No que se refire á Transferencia de coñecementos e á innovación na agricultura e silvicultura, son 12.419 os participantes en actividades de formación e aprobáronse axudas para a creación e funcionamento de 63 grupos operativos da Asociación Europea de Innovación (AEI) en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas

Para reforzar os lazos entre a agricultura, a produción de alimentos e a silvicultura, por unha parte, e a investigación e a innovación, por outra, para, entre outros fins, conseguir una mellor xestión e mellores resultados medioambientais, financiáronse 140 operacións de cooperación correspondendo 113 a axudas a grupos de la AEI.

A Mellora da viabilidade das explotacións e a competitividade dos distintos tipos de agricultura, a promoción da innovación tecnolóxica ou a xestión sustentable dos bosques son outras das prioridades. O programa contribuíu principalmente á reestruturación das explotacións agrarias a través da realización de inversións en concepto de reorganización da propiedade de 60.400 propietarios e 73.544 ha.

Igualmente, no 2017, financiáronse 141 operacións de axuda a investimentos nas explotacións agrícolas (114 de investimentos en explotacións agrarias, 21 para o fomento da utilización de maquinaria en réxime asociativo e 6 para instalacións e equipamentos en común) e 32 operacións de axudas destinadas á creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

Para facilitar o relevo xeracional no 2017 financiáronse 579 operacións para a Instalación de agricultores mozos.

Outra das prioridades transformación e a comercialización de produtos agrícolas, ou a xestión de riscos na agricultura. Neste aspecto, 126 explotacións accedieron a algún réxime de calidade, das cales o 82% producíronse na IGP Tenreira Galega que, xunto ás incorporacións á Agricultura ecolóxica, representan o 93% do total das incorporacións. Así mesmo, leváronse a cabo 101 operacións en 2017 que involucraron a 28 asociacións e consellos reguladores para a promoción e mellora da comercialización en sectores diversos — vino, agricultura ecolóxica, carne, mel, pataca, ...

Outras accións desenvolvidas enmárcanse en axudas para *inversión en transformación e comercialización de produtos agrarios*, das que se realizaron pagos a 153 expedientes, rematándose 79 no 2017.

No que atinxe á Mellora e conservación dos ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura, sistemas agrarios ou o estado das paisaxes, dos 211 proxectos aprobados no 2016 que promoven accións de conservación de especies e hábitats, a eliminación de especies invasoras e a posta en valor da paisaxe mediante a conservación de elementos singulares, rematáronse 112 proxectos no 2017.

Na submedida de Estudos e investimentos vinculados á rehabilitación do patrimonio cultural e natural das paisaxes rurais e das zonas con alto valor natural, en 2017, puxéronse en marcha 13 operacións levadas a cabo directamente pola Administración autonómica.

Para a Prevención de danos causados polos incendios, desastres naturais ou catástrofes durante o ano 2018 executáronse convenios de colaboración con entidades locais para a realizar traballos preventivos sobre 19.398 ha e actuouse sobre 7.022,26 ha mediante axudas para a prevención de danos causados aos bosques por incendios en montes veciñais en man común e nas SOFOR..

Na submedida Pagos por compromisos agroambientais e climáticos efectuáronse pagos a 79 explotacións para manter e aumentar a distribución das abellas melíferas na Comunidade autónoma polo beneficio positivo no incremento da polinización de determinadas especies vexetais, que facilitan a conservación da diversidade da flora de montaña, incidindo, polo tanto, na biodiversidade e no mantemento da paisaxe.

203 explotacións recibiron apoio para o mantemento dos rabaños de razas autóctonas en perigo de extinción e leváronse a cabo 38 operacións para a Conservación de recursos xenéticos tanto en agricultura como en gandería.

Para o Apoio e mantemento de explotacións en áreas con limitacións naturais leváronse a cabo compensacións que permitan continuar co aproveitamento das terras agrícolas (283.627 ha), contribuíndo así a evitar o abandono e conservando a biodiversidade ligada á actividade agraria tradicional.

O Fomento do cambio a unha agricultura ecolóxica incidiu sobre un total de 3.019,42 ha, mentres que en pagos para o mantemento da agricultura ecolóxica pagouse a 152 explotacións que afectan a 4.677,86 ha, a maioría delas refírense á gandería ecolóxica.

O Fomento da gandería extensiva supuxo que 102.147,84 ha se beneficiasen deste programa, entre as axudas á estensificación de vacún de leite e á xestión sustentable de pastos.

Respecto á Submedida de Apoio aos investimentos na creación, mellora ou ampliación de todo tipo de pequenas infraestruturas, incluídas os investimentos en enerxías renovables e de aforro enerxético rematáronse 230 operacións de creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de equipamentos térmicos de biomasa e 279 operacións de creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables.

Para Fomentar a conservación e captura de carbono nos sectores agrícola e forestal, en 2017 realizáronse pagos a 105 operacións de establecemento de superficies forestais e a 30 operacións para o establecemento de sistemas agroforestais.

Igualmente, coa Axuda a investimentos para incrementar a capacidade de adaptación e o valor medioambiental dos ecosistemas forestais pagáronse 78 operacións que afectaron a 922 Has.

Coa prioridade de Promover a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais concedéronse axudas a 23 operacións na Submedida 6.2. destinadas á creación de empresas para actividades non agrícolas en zonas rurais e aprobáronse 78 operacións na submedida 6.4 de axudas a investimentos en actividades non agrarias, rematándose 62 operacións o que supuxo a creación de 35 empregos.

Ademais, pagáronse axudas para investimentos en tecnoloxías forestais, procesado, mobilización e comercialización de produtos forestais a 82 operacións que remataron no 2017.

No ámbito de Promover o desenvolvemento local nas zonas rurais financiáronse 52 operacións dirixidas á realización de pequenas infraestruturas de


abastecemento de auga, saneamento, depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais e 112 operacións para a creación e mellora das infraestruturas, dotacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais.

Neste ámbito, financiáronse tamén 76 operacións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural.

A través da medida Leader que xestionan os Grupos de Desenvolvemento Rural, Na Submedida 19.2 de Apoio á realización de operacións, conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo, pagáronse 122 operacións xa rematadas e que xeraron o equivalente a 27 empregos a tempo completo.

Finalmente, para Mellorar a accesibilidade ás tecnoloxías da información e a comunicación, (TIC), así como o seu emprego e a súa calidade nas zonas rurais, pagáronse 27 operacións xa rematadas a empresas illadas en zonas rurais, para a contratación de servizos de banda larga ultrarrápida.

A **Agricultura ecolóxica**, a finais de 2017, a través do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica (CRAEGA) tiña inscritas 31.916 ha dedicadas a este tipo de produción, con 920 rexistros de operadores. Os datos do Consello regulador amosan un gran potencial de crecemento que se concreta, no período 2013-2017, nun aumento dun 103,66 % da superficie inscrita, maioritariamente asociada á expansión da gandería extensiva sobre prados e pasteiros, e dun 40,24 % no número de operadores (Ilustración 26 e Ilustración 27).



Superficie rexistrada en agricultura ecolóxica (ha) (2011)





Ilustración 26. Superficie rexistrada de agricultura ecolóxica 2011



Superficie rexistrada en agricultura ecolóxica (ha) (2017)





Ilustración 27. Superficie rexistrada en agricultura ecolóxica 2017

A **Especialización gandeira** non ten variado substancialmente nos últimos anos sendo o subsector do vacún o que acada a maior representatividade.



Variación relativa da UGM totais (2013 - 2017)

-100 - -75 -75 - -25 -25 - 0 0 - 25 25 - 50 50 - 100

Ilustración 28. Variación relativa do número total de UGM 2013-2017

De feito, en 116 concellos o gando vacún representa máis do 70% da súa gandería, situados, todos eles, na zona meridional e setentrional; séguelle o subsector avícola, con 26 concellos que superan o 70% desta gandería no concello, todos eles situados na zona meridional da Comunidade, principalmente na provincia de Ourense (Ilustración 28). Con esa proporción só seis concellos terían a gandería equina como principal especie, séguelle o ovino-caprino e o porcino. O subsector cunícola acada baixa representacións.

O indicador de **Carga gandeira** relaciona as unidades gandeiras (UG) das explotacións cos recursos do territorio para sustentar esa cabana e, polo tanto, coa sustentabilidade dos sistemas agrarios. No ano 2013, Galicia contaba con 1,21 UG (bovino, ovino, caprino e equino) por cada hectárea de superficie dedicada a cultivos, prados e pasteiros. Ao mesmo tempo, a nivel territorial, segundo se trate de escala comarcal, provincial ou municipal, obsérvanse valores dispares, con zonas con cargas maiores de 3 UG/ha e zonas con cargas inferiores a 1 UG/ha (Ilustración 29). No que se refire á carga total, obsérvase un incremento substancial na provincia de Ourense, cunha carga de 8 UG/ha (debida fundamentalmente ás aves).




Ilustración 29. Carga gandeira 2013-2017

Co indicador de **Especialización agrícola** abórdase outro dos factores determinantes do sector primario, moi relacionado co anterior, dado o carácter maioritariamente rural de Galicia. A evolución da superficie ocupada

polos distintos cultivos na base territorial das explotacións é un dos aspectos máis relevantes desde a perspectiva da rendibilidade e a sustentabilidade das explotacións.

Os grupos de cultivos maioritarios en Galicia son os prados e pasteiros e os forraxeiros. Son tamén os principais nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra mentres que en Ourense os forraxes tenden a desaparecer e gañan peso os cereais de inverno (gran), grupo que ocupa o terceiro posto en importancia en Galicia, con 37.340 ha, seguido do viñado con 24.656 ha.

En termos de evolución, o peso relativo dos diferentes grupos de cultivo mantense bastante constante: ao redor do 51% os prados e pasteiros, un 32% os cultivos forraxeiros. En terceiro e cuarto lugar están os cereais gran e o viñado, cun 4% e un 3% respectivamente (Ilustración 30).

En termos absolutos, entre os anos 2013 e 2017 a superficie de cultivo en Galicia (tendo en conta as rotación de cultivos na mesma parcela e o mesmo ano) mantívose practicamente invariable, sendo este último ano de 889.893 ha.




Ilustración 30. Evolución relativa da especialización agrícola 2011 -2017

A Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal no ano 2017 é de 212.856 ha, representando un 10,37% respecto da superficie forestal arborada, desarborada e de pasteiro. A superficie forestal con algún instrumento de ordenación ou xestión incrementouse en 2017 case un 9% respecto a 2016 e un 54% respecto a 2011.

A Consellería do Mar, continúa impulsando a modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, lugares de desembarque e lonxas, o que redundan nunha mellora das condicións de traballo e seguridade das persoas. Estas actuacións están financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e no 2018 tiveron unha achega de 853.450 €.

Do mesmo xeito, está a desenvolver investimentos en pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros coa finalidade de limitar o impacto da pesca no medio mariño, mellorar a hixiene, saúde e seguridade, a eficiencia enerxética, mitigar o cambio climático e aumentar o valor engadido e calidade dos produtos. En 2018, o investimento acadou un total de 463.453,32 €.

O turismo mariñeiro estase impulsando a través de catro novos proxectos de cooperación dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), cunha achega de 277.000 €. Estes proxectos apoian a innovación e a adquisición de destrezas e medios que melloren as estratexias de desenvolvemento local participativo.

A produción acuícola medrou nun 18,3% desde o ano 2011, acadando 280.302 toneladas no 2017 e unha valoración económica de 207.622 miles de €. O 96,3% desta produción acuícola corresponde aos bivalvos, e concretamente, o 95,2% é a porcentaxe representativa do mexillón.

O indicador **Capacidade pesqueira** sinala un descenso do número de inscritos no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia no 2017, tanto respecto do 2016 (0,25%) como de 2011 (6,6%). Dos 4.419 buques inscritos, o 96,2% pertencen a caladoiro nacional, o 2,3% a pesqueiras internacionais e o restante 1,5% a pesqueiras comunitarias. Na zona de Arousa sitúase a meirande parte da flota galega; preto dun 39% dos buques teñen o seu porto base nela, mentres que nas zonas da Mariña lucense e Vigo sitúanse os de maior arqueo e potencia media.

Liña estratéxica F: Protexer o patrimonio natural e cultural

No desenvolvemento de accións no eido da protección, conservación, difusión e fomento dos bens que integran o patrimonio natural de Galicia cómpre subliñar, en primeiro lugar, a continuación das accións encamiñadas á elaboración dos plans de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia (O Invernadeiro, Serra da Enciña da Lastra, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Baixa Limia-Serra do Xurés, Fragas do Eume e Monte Aloia) e do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas, estando os dous primeiros parques naturais na recta final da súa tramitación.

En relación co último destes espazos, no Consello da Xunta do 27 de decembro de 2018, ratificouse o último acordo necesario para permitir a aplicación do **Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas**, que regulará os usos e garantirá a conservación do único parque nacional de Galicia durante os vindeiros dez anos. Este parque pasa así a ser o primeiro parque nacional no que se aplican novos criterios para definir a súa zonificación, xa que se ten en conta a dimensión vertical e a profundidade das augas, co establecemento de cinco zonas diferentes.

Para seguir mantendo os valores ambientais deste espazo, establécense plans para a eliminación de especies alóctonas e protección de flora de interese, manténdose as medidas de control, mitigación e erradicación de especies invasoras que afecten á dinámica, distribución e hábitats das poboacións presentes, poñéndose en marcha bancos de xermoplasma que aseguren a conservación da flora de interese para a conservación.

O Plan reitor de uso e xestión conta cun plan de emerxencia e de auto protección, co fin de dotalo dunhas ferramentas de planificación propias que melloren a capacidade de resposta para facer fronte ás posibles emerxencias que puidesen presentarse, e establece por primeira vez unha cota de visitantes na illa de Ons, polo que as catro illas do parque terán un límite de acceso, co obxectivo de equilibrar a conservación dos valores que o fan único e o desenvolvemento de usos e actividades sustentables.

Neste mesmo espazo, a Xunta de Galicia está a traballar na **candidatura a patrimonio da humanidade do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas** polos seus excepcionais valores naturais e culturais, entre outros

Por outra banda, créase o **Comité de Coordinación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia**, órgano colexiado ao que corresponde o asesoramento e a coordinación para a xestión da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia, creada polo Decreto 95/2017, do 21 de setembro, que incluírá as seis declaradas actualmente na Comunidade Autónoma. E na mesma liña, estase a desenvolver o proceso participativo para a presentación da **candidatura da Ribeira Sacra como Reserva da Biosfera da UNESCO**.

Outra das accións relevantes no eido do patrimonio natural é a definición dunha **Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia**. A Xunta de Galicia segue a desenvolver unha estratexia para delimitar a Infraestrutura Verde en Galicia secundando a Comunicación da Comisión Europea “Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa”, que o estado español recolleu na Lei 33/2015 ao introducir a creación da Estratexia estatal de Infraestrutura verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas.

O anteproxecto de **Lei de Patrimonio natural de Galicia**, que se atopa na última fase de tramitación, ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia para garantir a conservación, o uso sostible, a mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade. Así mesmo, con esta lei evítanse as demoras entre a declaración dun espazo protexido e a aprobación do correspondente instrumento de planificación ao establecer a simultaneidade de ambas tramitacións.

Así mesmo, a Xunta de Galicia, desenvolvendo as súas competencias exclusivas en materia de patrimonio cultural e perseguindo o obxectivo estratéxico e transversal de protexer, conservar, incrementar, difundir e potenciar o patrimonio cultural de Galicia, entendéndoo como un recurso valioso, activo e sostible para o desenvolvemento social, cultural, económico da poboación e necesario para mellorar a calidade de vida dos cidadáns, continúa a traballar a prol da catalogación dos bens protexidos e a súa difusión e información a través das ferramentas as TIC que permiten o acceso a todos os cidadáns. Neste eido o desenvolvemento do catálogo do Plan Básico Autonómico de Galicia e os traballos de **xeolocalización dos bens do patrimonio arqueolóxico**, actualmente en execución, son recursos que teñen aumentado valor de forma senlleira sobre os dispoñibles ata este momento. Liña de traballo e obxectivo no que se vai a continuar avanzando e incorporando novos recursos dixitais e iterativos e maior información sobre os bens inmoables protexidos.

No eido da conservación do patrimonio cultural e fixado o obxectivo prioritario e estratéxico da celebración do próximo Ano Santo Xacobeo no ano


2021, a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura e Turismo, continúa actuando activamente na **restauración e posta en valor da Catedral compostelá**, destino, meta e razón de ser espiritual e cultural da peregrinación xacobeá. No mesmo eido, durante o ano 2018, iniciouse o deseño e elaboración dun programa de actuacións dirixida á recuperación, restauración e posta en valor dos Bens de Interese Cultural máis senlleiros vinculados aos camiños de Santiago de Compostela, buscando ao mesmo tempo o apoio económico e técnico doutras administracións e institucións para desenvolver este programa que precisa de moi importantes fondos económicos e recursos de financiamento.

Así mesmo, a Xunta de Galicia en colaboración cos concellos, está levando a cabo unha **Estratexia de mellora e integración paisaxística dos Camiños de Santiago**, iniciativa preténdese potenciar a excelencia na experiencia dos peregrinos, mitigada en parte na actualidade pola configuración actual dos Camiños nas entradas ás zonas máis urbanas da cidade desde os treitos rurais, tendo en conta a presión do tráfico e a actividade empresarial. As intervencións, a través da Axencia de Turismo de Galicia e da AXI, teñen lugar en distintos tramos dos camiños francés, portugués e inglés. Unha vez analizadas en detalle as entradas en Compostela das rutas xacobeas e identificadas as necesidades de mellora, decidiuse actuar no Camiño Francés, en concreto, nas zonas do Monte do Gozo, San Lázaro e os Concheiros; no Camiño Portugués, no barrio de Conxo; e no Camiño Inglés, no Polígono do Tambre e na rúa Mulas.

En Galicia están identificados 771 bens inmobles cun número de rexistro individual, 118 máis que en 2012, o que representa un incremento do 18% en cinco anos; isto inclúe tanto os bens inmobles declarados como os incoados.

Dende o último informe, declaráronse catro BIC: o pazo de Quintáns, en Sanxenxo, xa incoado no 2016, o petróglifo de Penaserrada (Outeiro de Rei), o castro de Fazouro (Foz) e a ponte sobre o río Ulla en Pontevea (na confluencia dos concellos de Teo e A Estrada) (Ilustración 31).

No ano 2017, a incoación de BIC concentrouse en bens da Ribeira Sacra, paisaxe cultural que abrangue 13 concellos; tamén se incoaron tres lugares de valor etnográfico, dous xacementos arqueolóxicos, unha zona arqueolóxica, un conxunto histórico e 11 monumentos.



Variación no número de BIC durante o ano 2017



Ilustración 31. Variación do número de BIC (ano 2017)

A valorización do patrimonio cultural como factor de atracción do territorio e potencial de desenvolvemento socioeconómico é un dos obxectivos das DOT que se reflicte de xeito nítido en declaracións de BIC como a da paisaxe cultural da Ribeira Sacra, localizado nun entorno rural, así como naqueles que se sitúan en parroquias cun grao de urbanización baixo, concretamente na ZPP baixa da clasificación GU 2016, contornas que adoitan ter unha estrutura poboacional máis avellentada e presentan uns indicadores socioeconómicos e sociolaborais máis desfavorables.

A integración dos obxectivos das DOT e da Estratexia E2020 implica a tutela das Administracións Públicas nas actuacións sobre os bens do Patrimonio cultural, particularmente na rehabilitación dos conxuntos históricos con consecuencias directas sobre a súa función residencial e a súa actividade económica. A análise das autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural indica unha tendencia alcista amosando un aumento continuado ao longo do período analizado (2013-2017) ata totalizar as 38.651. A maioría das autorizacións contabilizadas refírense ás concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para intervencións, tanto de obra maior como menor pero cómpre salientar, polo incremento experimentado, as autorizacións do Comité de Camiño, que en 2017 se aproximaron ás 2.000.

Galicia ten unha extensa rede fluvial cun destacado valor patrimonial, tanto dende o punto de vista ambiental como social, que require da conservación da flora e fauna dependente dela.

Co obxectivo de dar a coñecer os valores dos leitos fluviais, creouse, en 2018, o **Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia**, un organismo de asesoramento sobre o estado ambiental, económico, social e cultural dos ríos, no que están representados institucións e sectores implicados na conservación e xestión dos ecosistemas fluviais; distintas consellerías e axencias da Xunta de Galicia, así como os organismos das bacías competentes no territorio galego, as tres universidades galegas, as asociacións ecoloxistas que teñan entre os seus fins estatutarios a defensa dos ecosistemas fluviais, a Federación Galega de Pesca e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

Liña estratéxica G: Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental

España, e por ende Galicia, conta cun destacado capital natural, e afrontan retos considerables a nivel europeo global desde o punto de vista ambiental, entre os que se inclúen a mellora continua na xestión da auga, a mellora continua da calidade do aire e do control da contaminación acústica das cidades e a mellora na eficiencia no uso dos recursos e na xestión dos residuos, incluíndo o avance cara ao peche dos ciclos de enerxía e materiais (economía circular).

Na actualidade existe un consenso científico sobre que o noso modo de producir e o modo de consumir enerxía está dando lugar a unha alteración no clima da Terra que provocará impactos no noso planeta e no sistema socioeconómico .

No ano 2014, o Grupo Intergubernamental de Expertos sobre o Cambio Climático fai público o seu Informe de Avaliación, no que se pon de manifesto o cambio do sistema climático así como a grande probabilidade de que a causa principal sexan as emisións de gases de efecto invernadoiro orixinados polas actividades humanas. Polo tanto, as perspectivas futuras van depender en gran medida da folla de ruta que se tome a nivel internacional, para asegurar un desenvolvemento económico que integre a mitigación (redución da emisión dos gases de efecto invernadoiro) e a adaptación aos cambios xa evidente.

Neste marco e en liña para acadar estes obxectivos, a Xunta de Galicia pon en marcha a **Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050** (ECCE), como resposta da nosa comunidade fronte ao o problema global do cambio climático e que pretende ser unha estratexia consensuada baseada no diálogo participativo. Deste xeito, a través desta estratexia, Galicia será un referente no proceso de cambio do modelo de consumo e uso de recursos naturais mediante a conversión da nosa comunidade nun territorio baixo en emisións e preparado para afrontar os cambios derivados do cambio climático.

O obxectivo final da Estratexia é que Galicia sexa o antes posible neutra en emisións de gases de efecto invernadoiro, o que significa poder afirmar que Galicia forma parte da solución ao problema do cambio climático. Para iso hai que acadar o equilibrio entre as emisións e as absorcións de gases de efecto invernadoiro da nosa comunidade. Trátase por unha banda de reducir as emisións de GEI da nosa comunidade de aquí a 2050 en máis dun

80% e por outra, conservar, poñer en valor e potenciar o efecto sumidoiro dos nosos sistemas naturais a través da conservación do noso patrimonio natural e unha correcta xestión dos usos do solo.

Para chegar a este obxectivo a longo prazo establécese que en 2030 as emisións de gases de efecto invernadoiro reduciranse nun 25% respecto do ano 1990.

Complementariamente, Galicia ten que prepararse para adaptarse aos impacto que xa está xerando o cambio climático polo que debe de reducir a vulnerabilidade e aumentar a resiliencia da sociedade, do territorio, das infraestruturas estratéxicas e dos sistemas produtivos.

Para acadar os obxectivos da estratexia, esta organizouse arredor de catro ámbitos de traballo (mitigación, adaptación, investigación e dimensión social, gobernanza e sensibilización), 10 obxectivos, 34 liñas de actuación.

Para a implantación desta estratexia deseñouse xa un **Primeiro Plan operativo 2019-2023**, que propón mais de 200 medidas acordadas cos diferentes departamentos da Xunta de Galicia e con representantes de todos os sectores da sociedade galega (industria e enerxía, agrícola, forestal e gandeiro, medio mariño e pesca, biodiversidade e medio natural, mobilidade e transporte e territorio e servizos).

En Galicia, as **Emisións brutas de gases efecto invernadoiro** (GEI) estimadas para o ano 2016 sitúanse ao redor das 27.935 kilotoneladas de CO₂-eq o que supón unha diminución dun 4% respecto do ano anterior (2015) e dun 4,7% respecto do ano 1990 mentres que no conxunto de España presenta un incremento do 12,8% (Ilustración 32).

A emisións diferéncianse en función das fontes, que son fixas ou difusas. O sector difuso supuxo o 62% das emisións totais (un 46,7% no 2015). O transporte é considerado a categoría clave, xa que a principal fonte de emisión de contaminantes do sector difuso, así como tamén o consumo de combustible (gasolina, gasóleo, gas natural e gases licuados do petróleo).




Ilustración 32. Evolución anual das emisións de CO₂ equivalentes en Galicia

O IGVS é un dos xestores do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020, dentro do obxectivo temático 4 "Favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisións de carbono en todos os sectores" e a prioridade de investimento PI4.3 Apoio da eficiencia enerxética, da xestión intelixente da enerxía e do uso de enerxías renovables nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos e nas vivendas. O IGVS participa nesta operación a través dunha actuación directa nas vivendas protexidas promovidas por este organismo (181 vivendas no 2018) e outra actuación a través de axudas a concellos para a rehabilitación enerxética de vivendas da súa titularidade (6 vivendas).

O 8 de marzo de 2018 a Xunta de Galicia aprobou as **Directrices enerxéticas de Galicia 2018-2020**, coas que impulsará, mediante a colaboración público-privada, un investimento de máis de 3.000 millóns de euros (o 90% de orixe privada) para mellorar a calidade de vida dos galegos -a través do abaratamento dos custos e do aumento da calidade da subministración- e a competitividade do tecido empresarial grazas a un crecemento económico sustentable, apostando pola eficiencia e a potenciación das enerxías renovables de carácter autóctono.

As directrices serán a ferramenta de planificación que guiará as medidas que o Goberno galego adoptará neste eido ata 2020, co obxectivo principal de optimizar o aproveitamento do potencial enerxético Galego, dun sector que representa o 4,3% do PIB Galego. Ademais, Galicia é a segunda maior produtora de electricidade con renovables e destaca pola súa gran capacidade para transformar enerxía grazas a unha situación xeográfica que a converte nun dos principais puntos de entrada e saída de produtos enerxéticos. As directrices enerxéticas prestan especial atención ao aumento da produción de enerxía a partir de fontes renovables cun investimento programado ata 2020 en Galicia de 1.300 M€, o que permitirá, entre outras iniciativas, a instalación de máis de 1.200 MW. En concreto, serán máis de 1.000 MW para producir enerxía eléctrica a través da eólica, hidráulica, biomasa e fotovoltaica; e ao redor de 200 MW de potencia térmica a través da biomasa, a solar térmica, xeotermia e aerotermia.

Os indicadores do subbloque Enerxía apuntan, por unha banda, a un mellor comportamento do indicador **Intensidade enerxética final** que diminúe dende o ano 2012 e acada o seu mellor resultado entre 2005 e 2017. Este indicador está relacionado coa eficiencia enerxética dun país, xa que mide o custo, en termos enerxéticos, da economía para crear riqueza. En termos de sustentabilidade, determina a eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos para producir o crecemento económico do país (Ilustración 33). No que se refire ao **Consumo enerxético final**, ao longo do período 2005-2017, rexístranse flutuacións análogas ás do anterior, cunha tendencia xeral descendente que pode atribuírse á mellora da eficiencia na utilización dos recursos aínda que tamén a unha ralentización da economía, que provocou un descenso ata 2013, estabilizándose nos anos posteriores (Ilustración 33).

En 2017, o **Consumo final bruto de enerxía obtida a partir de fontes renovables** é do 35,2% en Galicia e presenta unha tendencia crecente aínda que con altibaxos interanuais, sempre superior aos obxectivos do Plan de Enerxías Renovables (PANER) que o fixa nun 22,7% para o ano 2020 e do obxectivo do 32% da UE para o ano 2030, o que amosa un comportamento en consonancia coas DOT, orientadas a un crecente emprego de fontes renovables que permitan levar a cabo a transición a unha enerxía limpa e polo tanto diminúan as emisións de gases contaminantes. (Ilustración 34).

Relacionado co impulso ao consumo de enerxía obtida de fontes renovables, a Xunta de Galicia está promovendo o **primeiro ecobarrio galego** na cidade de Ourense, A Ponte, mediante un proxecto de eficiencia enerxética

que se basea na xeotermia e a biomasa; un proxecto innovador con efectos positivos sobre o medio ambiente.




Ilustración 33. Intensidade enerxética final e consumo de enerxía final

No indicador **Consumo final bruto de electricidade renovable** obsérvase unha diminución interanual ao descender un 4,7% respecto do ano anterior, no marco dunha tendencia crecente entre 2005 e 2017. En 2017 acadouse unha porcentaxe do 62,6%, superior ao 40% fixado para o ano 2020 e preto do obxectivo do 70% fixado no anteproxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética para o ano 2030 (Ilustración 35).

O **Consumo de enerxía primaria renovable** sinala que a porcentaxe de enerxía primaria procedente de fontes de enerxías renovables acadou no ano 2017 o 16%, superior ao obxectivo do 12% marcado no seu día e, aínda que hoxe non está en vigor, séguese actualizando para estudar a súa evolución. Deste 16% no ano 2017, o 52% procede da biomasa, o 30% é eólica, o 15% hidráulica e o 3% procede de outras fontes de enerxía renovable. Obsérvase un incremento do peso da enerxía procedente de biomasa e unha diminución do peso da hidráulica, debido que foi o ano coa menor pluviosidade dende que existen rexistros hidráulicos (Ilustración 36).




Ilustración 34. Evolución do consumo final bruto de enerxía renovable




Ilustración 35. Evolución do Consumo final bruto de electricidade (GWh/ano) xerada a partir de fontes renovables




Ilustración 36. Enerxía primaria (%) procedente de fontes renovables

España marca como obxectivo no Plan nacional de enerxía, PANER 2011-2020, que a porcentaxe de enerxía procedente de fontes renovables no sector do transporte sexa do 9,3% no ano 2015 e do 13,6% no ano 2020.

O consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte incrementouse dun 0,5% no ano 2005 a un 8% no ano 2017. O obxectivo da Unión Europea para o ano 2020 é do 10%.

O consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte en Galicia incrementouse ata o ano 2012 que sofre unha forte baixada. Isto é debido a un cambio na lexislación, relativo ao consumo de biocarburantes no transporte terrestre, que baixa o obxectivo do 6,5% no ano 2012 a un obxectivo do 4,1% no ano 2013. O obxectivo para 2017 foi do 5%. (Ilustración 37).




Ilustración 37. Consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte

En 2017, os resultados do indicador que avalía a **Calidade da auga nas zonas de baño** galegas confirman a evolución interanual positiva, ao aumentar respecto a 2011 tanto os valores absolutos como as porcentaxes das zonas de baño de mellor calidade sanitaria (clasificación Excelente), e descender as de clasificacións Boa, Suficiente e Insuficiente. Dos 506 puntos de mostraxe, o 86% corresponde a praias litorais e o 14% restante a zonas de baño continentais; o 81% acadan a clasificación de excelente e só un 2% a de insuficiente. A tendencia é semellante cando se analiza o ámbito litoral (Ilustración 38).

No que atinxe ao Ciclo de materiais, avalíase a Xeración bruta de residuos, a Recollida selectiva destes e a Dotación de puntos limpos a nivel concello.

Os indicadores de residuos, no período 2011–2017, marcan unha evolución positiva global. Entre 2011 e 2017 reduciuse a xeración de residuos global en máis de 32.408 toneladas (2,82%) mentres que nos últimos anos rexistráronse incrementos, inferior ao 2% en 2016 e do 0,6% en 2017. Dende a aprobación das DOT, entre 2011 e 2017, incrementouse nun 20,% a poboación con servizo de punto limpo, o que representa máis do 88% do total (Ilustración 39).




Ilustración 38. Evolución da calidade das augas de baño Galicia




Ilustración 39. Xeración de residuos urbanos

Liña estratéxica H: Afianzar o protagonismo exterior de Galicia

En desenvolvemento do Plan director do aeroporto de Santiago de Compostela, a Xunta de Galicia iniciou a tramitación do proxecto sectorial do sistema aeroportuario de Santiago, coa declaración da incidencia supramunicipal, potenciando a principal porta de entrada do turismo nacional e internacional. Así mesmo, iniciou a tramitación do proxecto sectorial do sistema aeroportuario de Vigo. Ambas actuacións propiciarán a mellora das condicións dos aeroportos como centros de atracción para outras industrias e, por tanto a súa potencialidade de xerar emprego e renda.

A Xunta, na cidade de Santiago de Compostela como meta de peregrinación, está reforzando un dos espazos clave do Xacobeo, o complexo do Parque Monte do Gozo con diversas intervencións; de acondicionamento e de posta a punto das instalacións.

O Executivo autonómico está a investir 30 millóns de euros na adopción dunha serie de medidas para o vindeiro Ano Santo (Xacobeo 21). En concreto, o programa **O teu Xacobeo** está fomentando a participación de todos os axentes da sociedade na programación sociocultural mediante a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para desenvolver novos proxectos dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de abril de 2020, no marco de cinco ámbitos subvencionables: artístico, patrimonio-historia-pensamento-espiritualidade, gastronomía, deportivo e social. Cabe subliñar que os Camiños de Santiago, ademais de ter unha vertente cultural e relixiosa, constitúen un motor de dinamización socioeconómica do territorio e unha oportunidade para reforzar a proxección internacional da Comunidade Autónoma.

A potenciación do turismo ten reflexo en numerosos convenios asinados dende a Axencia de Turismo de Galicia. Ademais dos asinados coa Catedral de Santiago—un para mellorar a atención aos peregrinos e visitantes na meta do Camiño de Santiago e outro para elaborar unha ambiciosa obra compilatoria sobre o santuario—, tamén se subscribiron cinco convenios con varias asociacións das rutas do viño das denominacións de orixe vitivinícolas para potenciar o enoturismo como un dos recursos diferenciais aos que se lles presta atención na **Estratexia do Turismo de Galicia 2020**, que tamén aposta por consolidar a Comunidade como un destino diversificado con atractivos repartidos por toda a xeografía galega.

2. Conclusión

O seguimento da sustentabilidade territorial de Galicia

O marco normativo que conforman as Directrices de ordenación do territorio establecen unha folla de ruta para acadar a sustentabilidade territorial e unha sociedade cohesionada. O PSST avalía en que medida se están a acadar os obxectivos fixados nas DOT.

Dende 2011, aprobouse un plan territorial integrado —Plan de ordenación do litoral— e 43 PXOM adaptados ás DOT. Outros 173 concellos están nese proceso, supoñendo en conxunto, en termos de poboación, o 63,74% da poboación galega e, en termos de superficie, o 68,53% de Galicia.

A partir dos resultados ofrecidos polos indicadores calculados é posible apuntar algunhas cuestións sobre a tendencia observada en distintas variables ambientais e socioeconómicas:

Consumo eficiente de solo

Con carácter xeral, pode afirmarse que os documentos de planeamento teñen establecido previsións de superficie de solo para ser obxecto de transformación urbanística, que se revelan como pouco axustadas á realidade. Aínda que, pola magnitude do desaxuste, pode aventurarse que a causa principal desta anomalía sexa unha demanda moi inferior á prevista, tamén cabe pensar que a ausencia de recursos axeitados para levar adiante os sempre complexos procesos de desenvolvemento urbanístico puidera contribuír a agravar esta situación.

Co obxecto de avaliar esta situación e interpretar como se está a producir a transformación do solo en Galicia definiuse o indicador de Dinámica urbanística. Nunha primeira análise dos resultados obsérvase que segundo se trate de solo urbanizable delimitado ou non delimitado, pódense identificar dinámicas de transformación lixeiramente diferentes. Aínda que en valor absoluto a superficie total de solo delimitado transformado (2.211 ha) só supera moi lixeiramente á do non delimitado (2.069 ha), resulta destacable a diferente distribución das superficies en cada caso: mentres o peso do solo delimitado transformado nas cidades resulta maioritario e acada case o 30% fronte ao resto de concellos, para os solos non delimitados non supera o 14%.

Pola súa transcendencia, hai que recordar que no ano 2016 Galicia dotouse dun novo marco legal no eido urbanístico mediante a aprobación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento. Na nova Lei, o solo urbanizable non ten o carácter residual que tradicionalmente se lle viña atribuíndo e defínese como o relativo aos terreos que o planeamento considere necesarios e axeitados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística. O novo texto suprime a categoría do solo urbanizable non delimitado ou diferido e na súa D.T. 1ª establece, para o caso de plans aprobados definitivamente con anterioridade á súa entrada en vigor e non adaptados á anterior Lei 9/2002: "... ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".

Esta nova regulación, coherente co novo modelo territorial definido nas DOT, induce cambios relevantes nos resultados deste indicador de Dinámica urbanística. Neste senso, cabe subliñar a diferenza de resultados para o cálculo das porcentaxes de solo transformado (delimitado e non delimitado) respecto do inicialmente previsto segundo o marco legal de aplicación: Mentres que no marco da Lei 9/2002, o solo urbanizable delimitado presenta unha porcentaxe de transformación (23%) moi superior á correspondente ao non delimitado (4,6%) e as cidades son, en todo caso, os territorios que presentan valores máis altos; no caso de considerar o marco da nova Lei 2/2016, a porcentaxe de transformación do non delimitado ascende ata o 36% e son os concellos NET os que presentan os valores máis altos.

Abundando no comentado no parágrafo anterior, conclúese que a maior actividade de transformación urbanística ten lugar nos concellos do primeiro nivel do Sistema de asentamentos das DOT e na súa contorna; porén, a aplicación da nova lexislación urbanística provoca un notable incremento do resultado de cálculo da porcentaxe de solo transformado nos NET. En concreto a mediana dos valores obtidos para este nivel de asentamentos pasa do 4,4% (contabilizando o urbanizable segundo o disposto na Lei 9/2002) ata o 92,4%; unha porcentaxe que supera amplamente incluso o das cidades (44%). Lémbrese a ausencia na análise de cidades como Vigo e Ourense.

Finalmente, outra das conclusións que se poden destacar é o diferente comportamento da actividade de transformación segundo o uso definido polo planeamento para o ámbito. Con carácter xeral, e atendendo novamente á caracterización do Sistema de asentamentos, agás nas cidades, onde sucede o contrario, a superficie de solo urbanizable de uso industrial

transformada é sempre superior á doutros usos e acada tamén maiores porcentaxes de transformación respecto da prevista inicialmente nos casos de solos de usos residenciais ou terciarios. Estas porcentaxes, e cando consideramos novamente á incidencia da entrada en vigor da Lei 2/2016, acadan valores moi relevantes para o solo urbanizable non delimitado deste uso; por exemplo, nos concellos do SUI case o 90% deste solo atópase xa transformado e nos NET supera o 50%.

Para a estimación da necesidade de vivendas novas terase en conta a evolución recente do parque de vivendas sen uso o baleiras, así como as demandas de vivenda protexida.

Autosuficiencia dos fluxos metabólicos

Tanto a intensidade como o consumo enerxéticos finais marcan unha evolución positiva aínda que con flutuacións débiles, que moitas veces responden a factores externos que distorsinan o seu valor, como é o caso da climatoloxía onde períodos de seca fan que o sector hidráulico perda peso no cómputo xeral de enerxías renovables.

A intensidade enerxética final acadou no ano 2017 os 0,102 ktep/millón de €, un 1,92% menos que no ano anterior e no período 2011-2017 reflicte unha maior eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos.

As DOT orientan a unha maior utilización de fontes de enerxías renovable, de xeito que diminúan as emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro. En Galicia, o consumo final bruto de enerxía procedente de fontes renovables foi do 35,2%, por riba dos obxectivos do Plan de Enerxías Renovables (PANER) que o fixa nun 22,7% para o ano 2020 e do obxectivo do 32% da UE para o ano 2030.

A emisións de gases de efecto invernadoiro é unha das principais causas do quecemento global. A avaliación do comportamento anual das emisións de GEI sinala un cambio de signo na tendencia, ao diminuír un 4% en Galicia en 2016 con respecto ao ano anterior, no cal teríase rexistrado un incremento próximo ao 6%. Este dato consolida unha redución dun 5% no período temporal 1990-2016, lonxe do 20% fixado para o 2020. Os datos provisionais de 2017 sinalan un aumento do 2,6% respecto do ano anterior.

A Calidade das augas de baño segue a debuxar unha liña ascendente da calidade da auga das zonas de baño, tanto marítimas como fluviais. Das 506 zonas analizadas, o 81% obtiveron a cualificación de Excelente, o 12% de Boa, o 5% de Suficiente e o 2% de Insuficiente.

Os indicadores de residuos, no período 2011–2017, marcan unha evolución positiva global aínda que algúns resultados interanuais presentan resultados negativos, tanto en xeración global de residuos como en recollida selectiva para algunha fracción. Entre 2011 e 2017 reduciuse a xeración de residuos global en máis de 32.408 toneladas (2,82%) mentres que nos últimos anos rexistráronse incrementos, inferior ao 2% en 2016 e do 0,6% en 2017. Dende a aprobación das DOT, entre 2011 e 2017, incrementouse nun 20,% a poboación con servizo de punto limpo, o que representa máis do 88% do total.

Funcionalidade dos ecosistemas

A Estratexia da infraestrutura verde de Galicia inscríbese como acción integrada para a mellora da funcionalidade dos ecosistemas naturais e a protección da biodiversidade, así como na liña de actuación para a adaptación ao cambio climático e como unha estratexia de desenvolvemento do medio rural.

A Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia reforzará a estrutura ecolóxica básica de Galicia, conformada polos distintos espazos naturais declarados baixo algunha das figuras de protección, mediante a definición dunha rede de zonas naturais e seminaturais, destinada á protección da biodiversidade e á provisión de servizos ecosistémicos.

Os Plans de acción de hábitats e especies completan os instrumentos para a protección e conservación do patrimonio natural.

Valorización do patrimonio humano. Protexer o patrimonio cultural

Por unha banda o número de BIC identificados ascende a 771, cifra que supón un incremento do 18% dende 2011, e por outra banda as autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural seguiu aumentando ao longo do período analizado (2013-2017) ata totalizar 38.651.

Cohesión social e diversidade

Mellora continuada do acceso potencial da poboación a redes de banda larga en desenvolvemento do Plan de Banda larga 2020, que asume o obxectivo establecido na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30 Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100Mbps. Galicia presenta unha cobertura global dun 62,90% da poboación, un 1,6% máis que no 2017, apreciándose unhas porcentaxes significativamente máis altas nas sete grandes cidades ao igual que no ámbito litoral

onde a porcentaxe de poboación con esta cobertura é o 86,72%, case un 19% máis que en 2016.

A dinámica poboacional mantén a tendencia de perda de poboación, baixa natalidade, estrutura poboacional engrosada nas idades medias e forte polaridade urbana–rural. No ano 2017, Galicia contaba con 2.708.339 habitantes, case 64.194 menos que en 2007, o que representa unha diminución do 2,3% nun decenio. A isto únese a baixa densidade de poboación, que no rural atópase nun valor medio próximo a 21,4 habitantes por km² fronte aos 91,6 hab/km² do valor medio de Galicia, moi distante dos máis de 1.000 hab/km² de cidades e algunhas vilas.

O Observatorio Demográfico de Galicia, no seu diagnóstico, refire como o despoboamento de gran parte do territorio e o avellentamento demográfico son dúas realidades que supoñen un desafío para a sociedade pero tamén unha oportunidade económica que precisa de estratexias a medio e longo prazo, dun enfoque sistémico e transversal.

No sector primario, a Agricultura ecolóxica que vén mantendo unha tendencia crecente nos últimos anos, tanto en superficie inscrita como en número de operadores. No período 2013-2016 aumentou en case un 77% da superficie inscrita no consello regulador e nun 44% no número de operadores.

Cabe resaltar que este crecemento vén xerado de forma maioritaria pola expansión da gandería extensiva con base en prados e pasteiros, sendo as provincias de Lugo e Ourense as que amosan un maior crecemento e actividade, e que o crecemento da superficie é considerablemente superior ao do número de operadores, o cal indica que o as explotacións están crescendo en superficie.

Integración paisaxística

Na actuación da Administración autonómica en materia de paisaxe, a partir da Estratexia da paisaxe galega, ademais da Creación do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, presentouse a Rede de itinerarios de interese paisaxístico e ambiental (determinación 7.3.5 das DOT) con case 4.500 km de percorridos, naturais, culturais ou panorámicos.

A protección da paisaxe esixe da Administración o establecemento de certas cautelas sobre a incidencia que algunhas actividades ou actuacións poden ter na paisaxe.

No ano 2017 emitíronse un total de 764 informes en materia de paisaxe, dos cales preceptivos, segundo os artigos 51 do POL, informáronse 323,

ao abeiro do artigo 36 da Lei 2/2016, foron 45 informes, do artigo 7 da Lei 7/2008, 59 informes; e nos procedementos de impacto ambiental de proxectos, contabilizáronse 168. Os outros 169 informes emitidos refírense a procedementos de avaliación ambiental estratéxica, así como outro tipo de consultas. En 2017, o número de estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP) informados foi de 53 e o seu ámbito de afección abarcou a un total de 44 concellos galegos.

Táboa de ilustracións

Ilustración 1. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2018.....	12
Ilustración 2. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT	12
Ilustración 3. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2018.....	12
Ilustración 4. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos das DOT	12
Ilustración 5. Estado do planeamento municipal en setembro de 2018.....	13
Ilustración 6. Número de instrumentos de desenvolvemento aprobados ou en elaboración no período 2011 – 2018	13
Ilustración 7. Número de concellos analizados no indicador Dinámica urbanística..	15
Ilustración 8. Diferenza de superficie de solo urbanizable inicial tras a aprobación da Lei 2/2016 respecto da considerada no marco da Lei 9/2002 (ha).....	16
Ilustración 9. Superficie de solo urbanizable transformado por tipo e provincias (ha)	16
Ilustración 10. Valores das medianas de porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado no marco da Lei 9/2002	17
Ilustración 11. Valores das medianas de porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado segundo a nova Lei 2/2016.....	17
Ilustración 12. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable non delimitado transformado por usos no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016	17
Ilustración 13. Porcentaxes de superficie de solo urbanizable delimitado transformado por usos e niveis do Sistema de Asentamentos das DOT.....	18
Ilustración 14. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable total transformado por usos e niveis do Sistema de Asentamentos das DOT no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016	18
Ilustración 15. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial transformado no marco da Lei 9/2002.....	19
Ilustración 16. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial transformado no marco da Lei 2/2016.....	19
Ilustración 17. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso industrial transformado no marco da Lei 9/2002.....	20
Ilustración 18. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso industrial transformado no marco da Lei 2/2016	20
Ilustración 19. Demandantes de vivenda protexida	21
Ilustración 20. Variación do índice de diversidade paisaxística (agrícola e forestal) no período 2011-2014	23
Ilustración 21. Poboación con cobertura de redes fixas $\geq$ a 30 Mbps (%)	25
Ilustración 22. Variación da porcentaxe de poboación en ZPP 2016-2017	26
Ilustración 23. Número de establecementos comerciais por cada 1.000 hab (2017) ..	29
Ilustración 24. Rama de actividade predominante por concello 2017.....	29
Ilustración 25. Intensidade turística	30
Ilustración 26. Superficie rexistrada de agricultura ecolóxica 2011	33
Ilustración 27. Superficie rexistrada en agricultura ecolóxica 2017	33
Ilustración 28. Variación relativa do número total de UGM 2013-2017.....	34
Ilustración 29. Carga gandeira 2013-2017	34

Ilustración 30. Evolución relativa da especialización agrícola 2011 -2017.....	35
Ilustración 31. Variación do número de BIC (ano 2017).....	37
Ilustración 32. Evolución anual das emisións de CO ₂ equivalentes en Galicia	39
Ilustración 33. Intensidade enerxética final e consumo de enerxía final	40
Ilustración 34. Evolución do consumo final bruto de enerxía renovable.....	41
Ilustración 35. Evolución do Consumo final bruto de electricidade (GWh/ano) xerada a partir de fontes renovables.....	41
Ilustración 36. Enerxía primaria (%) procedente de fontes renovables	41
Ilustración 37. Consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte	42
Ilustración 38. Evolución da calidade das augas de baño Galicia.....	42
Ilustración 39. Xeración de residuos urbanos	42